



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 30 de setembro de 2022

RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 30 DE SETEMBRO DE 2022.

ASUNTOS

*Declaración institucional en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo Regulamento imposto pola Comisión Europea..... 8

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior número 9/2022, do 9 de setembro. 8

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 3 de setembro de 2022 ata o 23 de setembro de 2022 9

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación da concesión de subvención nominativa a A Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto A liña do galego 2022 e aprobación do correspondente convenio de colaboración 9

Comisión de Deporte e Mocidade

4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Fútbol para financiar a celebración dos partidos da Fase ascenso de Primeira RFEF a Segunda División disputados en A Coruña e Ferrol no ano 2022. 19

Comisión de Benestar Social e Educación

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade da Coruña para o Financiamento da Clínica xurídica "Xustiza social" e do correspondente convenio..... 27

6. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2022 e do correspondente convenio. 35

7. Aprobación do Regulamento de funcionamento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña. 42

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

8. Aprobación da actualización de prezos da obra "Actualización Senda Peonil na DP 7803 Santiago a Figueiras entre os PQ 0+000 ao 2+560 e Ramal inicial (Santiago de Compostela), incluído no Plan de Sendas Peónís 2018, terceira fase 65

9. Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, sétima fase integrado polo proxecto "Mellora da seguridade viaria na DP 3109 e 1705 (Culleredo)" 66

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

10. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de COIRÓS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da rede viaria nos núcleos rurais de Colantres e Coirós de Arriba 67

11. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de MUROS polo que se intrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da área de lecer infantil da Avenida de Castelao 76

12. Aprobación dun convenio co concello de PADRÓN polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera 86

13. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de PORTO DO SON polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Retellado e formación dunha rampa para mellorar as condicións de accesibilidade no Concello de Porto do Son..... 95

14. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de VAL DO DUBRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as Actuacións de mellora no entorno do CPI de Bemibre..... 105

15. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de VIMIANZO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Pavimentación no lugar do Porto de Cereixo..... 114

16. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de OROSO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Instalación de paneis de sinalización urbana para o casco urbán de Sigüeiro 123

17. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de SADA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Reforma interior de edificación existente (antiga escola de Carnoedo) 131

18. Aprobación das instrucións para tramitar a revisión excepcional de prezos en contratos de obras da Deputación Provincial da Coruña adaptadas ao Real Decreto Lei 14/2022 de 1 de Agosto. 141

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme

<u>en acceso a O Outeiro e outros", do Concello de Boimorto, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0117.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento</u>	<u>147</u>
<u>20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e ampliación do saneamento no lugar de San Mamede", do Concello de Paderne, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial co código 2019.2001.0534.0</u>	<u>149</u>
<u>21. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio CEP Xosé M^a Brea Segade de Taragoña", do Concello de Rianxo, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0736.0.....</u>	<u>152</u>
<u>22. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns".....</u>	<u>155</u>
<u>23. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Campaña de apoio cidadán á candidatura a Patrimonio mundial: Cidade de Ferrol. Porto da Ilustración"</u>	<u>164</u>
<u>24. Aprobación da prórroga da vixencia do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Narón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Rehabilitación do Muíño de Xuvia"</u>	<u>172</u>
<u>25. Ratificación dos cambios aprobados no convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, e a Deputación provincial da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión europea NextGenerationEU</u>	<u>173</u>
<u>26. Ratificación dos cambios aprobados no convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, e a Deputación provincial da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión europea NextGenerationEU</u>	<u>199</u>

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

<u>27. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a agosto de 2022.</u>	<u>223</u>
---	-------------------

<u>28. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2022 de aprobación polo Pleno.</u>	<u>224</u>
<u>29. Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.....</u>	<u>226</u>
<u>30. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2022 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.</u>	<u>226</u>
<u>31. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2022 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.</u>	<u>226</u>
<u>32. Dación de conta da resolución de presidencia número 30938/2022 relativa a persoal eventual.</u>	<u>226</u>
<u>33. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello da Capela respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>226</u>
<u>34. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Arzúa respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>227</u>
<u>35. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Bergondo respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>228</u>
<u>36. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Carnota respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>228</u>
<u>37. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Curtis respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>229</u>
<u>38. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Fisterra respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>229</u>
<u>39. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Lousame respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>230</u>
<u>40. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Muxía respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>231</u>
<u>41. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Ortigueira respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	<u>231</u>
<u>42. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de</u>	

Pontedeume respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 232

43. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Porto do Son respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).233

44. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Sobrado dos Monxes respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 233

45. Aprobación da aceptación da encomenda de xestión do Concello de Cee no tocante ás tarefas técnicas de análise de riscos previstas no Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 234

46. Dación de conta do acordo de adhesión do Concello de Culleredo ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 235

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial PSdeG-PSOE sobre entidades bancarias e enerxéticas..... 235

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás afectadas polo Parque Eólico de Vilartoxo 246

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, en relación ao retraso na execución da A-54. 265

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a modificación do convenio con Vento Noso 267

5.Moción que presenta O Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para a adopción de medidas de seguridade vial na DP-0810..... 273

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 30 de setembro de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 30 de setembro de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Excusado:

Don José Javier Pego Sampedro	PP
-------------------------------	----

O Sr. Pérez Añón, entra comezada a sesión, no punto número 10.

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior da Deputación Provincial da Coruña.

Aberto o acto ás 12:07 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bos días. Empezamos a sesión do Pleno coa declaración institucional en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo regulamento imposto pola Comisión Europea.

Sr. Secretario

Declaración institucional en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo regulamento imposto pola Comisión Europea

A Deputación Provincial da Coruña declara o seu firme rexeitamento á arbitraria aprobación do regulamento dá UE 2022/1614 da Comisión Europea dá 15 de setembro de 2022, polo que se impón o peche ás artes de fondo, o próximo 9 de outubro en 87 zonas consideradas vulnerables en Irlanda e o golfo de Cádiz, e que ten un enorme impacto económico no sector pesqueiro do noso país.

A Deputación provincial da Coruña manifesta o seu apoio ao sector pesqueiro de artes de fondo e súmase ao manifesto asinado polo Consello Galego de Pesca.

Con base no anterior esta corporación local insta:

I: Ao Goberno Central a:

- 1.- Que manteña o rexeitamento público aos ataques que o sector de arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.
- 2.- Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.
- 3.- Que reitere ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinión do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da frota pesqueira europea.

Á Xunta de Galicia a:

- a.- Apoiar tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta contra o regulamento citado.
- b.- Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar á Comisión Europea que rectifique e anule ou suspenda o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e establécese unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior número 9/2022, do 9 de setembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior número 9/2022, do 9 de setembro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 3 de setembro de 2022 ata o 23 de setembro de 2022

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 3 de setembro de 2022 ata o 23 de setembro de 2022

3.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a A Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto A liña do galego 2022 e aprobación do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:

a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o capítulo XI.–Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan estratéxico de subvencións establécese como obxectivo estratéxico E.09 "*Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos*" sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización Lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais.
- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 20-22 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve A MESA, e tendo en conta o gran apoio coa actuación que desenvolve para as súas actividades de defensa dos dereitos lingüísticos e de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de setembro de 2022.

2.- Aprobado o convenio con A Mesa pola Normalización Lingüística, G15154610, correspondente á subvención nominativa por importe de **34.000,00** euros co obxecto de financiar o proxecto *A liña do galego no ano 2022*. A porcentaxe de financiamento proposta é do 80,00 % de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

4.- Incluír a subvención no Plan estratéxico provincial de subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

“ CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (A MESA), CIF G15154610, PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2022

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de A Mesa pola Normalización Lingüística

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de máis de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega.

Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” é un proxecto necesario, singular e excepcional porque sen negar os evidentes avances, o proceso de normalización non chegou ao seu fin. O obxectivo desta liña é romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego. Neste sentido denuncian incumprimento de acordos e lexislación nacionais, estatais e internacionais en relación á lingua.

A liña é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación, dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para Apple e Android para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación para darlles solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Diputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e

oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondente.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar “A Liña do galego 2022” servizo gratuíto que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App para Android e Apple “A liña do galego”, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Orzamento de gastos

App A Liña do Galego Renovación e actualización da App para móbiles e tablets Android e Apple 3.000,00 euros.

Persoal Nóminas correspondentes a un ano para atención, xestións, asistencia xurídica, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego 32.500,00 euros.

Deseño e impresións

Deseño e impresións do informe da Liña do Galego e deseños publicitarios da App

3.000,00 euros.

Comunicación Comunicación dos actos relacionados coa Liña do galego 4.000,00 euros.

TOTAL 42.500,00 euros.

Orzamento de ingresos

A Mesa pola Normalización Lingüística achega con fondos propios procedentes das cotas de socias e socios. 8.500,00 euros.

Deputación da Coruña 34.000,00 euros.

Total 42.500,00 euros.

Coeficiente de financiamento: 80%

A Mesa pola Normalización Lingüística acredita a dispoñibilidade do 20 % de fondos propios 8.500,00 euros.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **34.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a A MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a A MESA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a A MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de A MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá

estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2022** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a A MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, A MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2023, autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2023 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Fútbol para financiar a celebración dos partidos da Fase ascenso de Primera RFEF a Segunda División disputados en A Coruña e Ferrol no ano 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Aprobar o convenio coa Real Federación Gallega de Fútbol, correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para financiar a celebración dos partidos da Fase ascenso de Primera RFEF a Segunda División disputados en A Coruña e Ferrol no ano 2022, cun orzamento subvencionado de 128.509,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de setembro de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2023 autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Federación Gallega de Fútbol para financiar a celebración dos partidos da Fase ascenso de Primera RFEF a Segunda División disputados en A Coruña e Ferrol no ano 2022.

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da **Real Federacion Gallega de Fútbol**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecendo recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que a **Real Federacion Gallega de Fútbol** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Real Federacion Gallega de Fútbol** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Federacion Gallega de Fútbol**, con CIF: G15055890 , fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o cofinanciamento da **celebración dos partidos da Fase ascenso de Primera RFEF a Segunda División disputados en A Coruña e Ferrol no ano 2022.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O orzamento total da actividade, no que se inclúen os gastos do evento celebrado nas sedes de A Coruña, Ferrol e Vigo ascende a desagregado de acordo co seguinte:

Concepto	Importe
Canon REF	100.000,00 €

Organización	57.650,00 €
Seguridade	8.300,00 €
Ambulancias	9.500,00 €
Limpeza	8.000,00 €
Mantemento terreo de xogo	3.800,00 €
Control accesos e persoal auxiliar	8.500,00 €
Suministros e retén de mantemento	12.000,00 €
Catering e protocolo	7.000,00 €
Publicidade e comunicación	12.200,00 €
Transporte	7.850,00 €
Total	234.800,00 €

No presente convenio se subvencionarán os gastos dos partidos da Fase ascenso de Primeira RFEF a Segunda División que se celebran en A Coruña e Ferrol no ano 2022, segundo se definen na cláusula anterior, consonte a un orzamento, que ascende a 69.760,04 €, e se desagrega de acordo co seguinte :

Concepto	Importe
Seguridade	3.385,73 €
Ambulancias	1.240,00 €
Limpeza	1.700,00 €
Mantemento terreo de xogo	5.801,88 €
Control accesos e persoal auxiliar	7.493,03 €
Suministros e retén de mantemento	4.681,95 €
Publicidade e comunicación	5.651,46 €
Transporte	6.500,00 €
Gastos de organización	33.305,99 €
Total	69.760,04 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **43,00%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o **43,00** % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Real Federacion Gallega de Fútbol** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Real Federacion Gallega de Fútbol**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á **Real Federacion Gallega de Fútbol**, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Real Federacion Gallega de Fútbol** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- A Federación Gallega de Fútbol deberá cumprir as seguintes obrigas, en todos os

partidos que se xoguen nos estadios da provincia durante o play off de ascenso:

Insertar un video promocional que facilitará a Deputación durante o transcurso do descanso ou nos 2 últimos minutos do comenzo do partido.

Incluir o logotipo da Deputación Provincial da Coruña en todos os medios de comunicación onde se publicite o evento, do mesmo tamaño e a mesma altura que o resto de administracións públicas. Así como en todos os medios escritos (revistas, periódicos, panfletos, etc...)

Entregar na Deputación Provincial da Coruña 35 entradas para cada partido.

Insertar o logotipo da Deputación Provincial da Coruña coa lenda de: Deputación Provincial da Coruña 4 veces durante 15" como mínimo, durante o transcurso do partido nas pantallas (V televisión, led do campo de xogo).

Invitar á Deputación Provincial da Coruña a todos os actos públicos que se celebren co motivo da celebración da play off ascenso.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de

Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

18.- Aprobación das instrucións para tramitar a revisión excepcional de prezos en contratos de obras da Deputación Provincial da Coruña adaptadas ao Real Decreto Lei 14/2022 de 1 de Agosto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

" Aprobar as instrucións para tramitar a revisión excepcional de prezos en contratos de obras da Deputación provincial da Coruña adaptadas ao Real Decreto Lei 14/2022 de 1 de Agosto.

Publicar as instrucións no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia da Deputación para coñecemento xeral.

INSTRUCCIÓN PARA TRAMITAR A REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS EN CONTRATOS DE OBRAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ADAPTADAS AO REAL DECRETO LEI 14/2022 DE 1 DE AGOSTO.

INTRODUCCIÓN

Mediante RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo deuse publicidade ao acordo da Xunta relativa á aplicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do título II do Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo no que se refire a medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras (DOG nº 82 do 29 de abril de 2022)

Ao obxecto de establecer as pautas para a aplicación no ámbito da Deputación do citado acordo, aprobáronse polo Pleno da Corporación de 27/05/2022 (BOP nº 102 de 31/05/2022) instrucións para tramitar a revisión excepcional de prezos en contratos de

obras da Deputación Provincial da Coruña.

Con posterioridade aprobouse o Real decreto Lei 14/2022 de 1 de agosto (BOE nº 184 de 02/08/2022) que no seu art. 15 modifica o art. 6 e na disposición adicional novena modifica o art. 7 do Real decreto 3/2022, do 1 de marzo.

Co fin de adaptar as instruccións aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 27/05/2022 modifícase a cláusula 3.1 que queda redactada como segue:

3.1. Existencia de impacto directo e relevante na economía do contrato.

Para estes efectos considerárase que existe tal impacto cando o incremento do custo de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, calculado aplicando aos importes do contrato certificados nun período determinado, sempre posterior ao 1 de xaneiro de 2021, que non poderá ser inferior a doce nin superior a vinte catro meses, a súa fórmula de revisión de prezos si a tivese, e, na súa falta, aplicando a que pola natureza das obras lle corresponda de entre as fixadas no Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, exceda do 5 por cento do importe certificado do contrato nese mesmo período.

Para estes efectos, entenderase por período determinado o comprendido entre o período incluído na primeira certificación de obra e a última inmediatamente anterior á acta de recepción, minorado no seu caso, no período de demora que sexa imputable ao contratista.

No caso de que o contrato tivese unha duración inferior a doce meses, o incremento do custo calcularase sobre a totalidade dos importes do contrato certificados. O período mínimo de duración do contrato para que poida se aplicable esta revisión excepcional de prezos será de catro meses, por debaixo do cal non existirá este dereito.

O cálculo deste incremento efectuarase suprimindo da fórmula aplicable ao contrato os termos que representan os elementos de custo distintos dos antes citados, e incrementando o termo fixo, que representa a fracción non revisable do prezo do contrato, no valor dos coeficientes dos termos suprimidos, de forma que a suma de todos os coeficientes mantidos máis o termo fixo sexa a unidade.

A contía da revisión excepcional á que se refire este artigo non poderá ser superior ao 20 por cento do prezo de adxudicación do contrato. Dita contía non se tomará en consideración para os efectos do límite do 50 por cento previsto no artigo 205.2. da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e no artigo 111.2 da Real Decreto Lei 3/2020, do 4 de febreiro; nin para os efectos doutros límites sobre modificacións previstos na normativa anterior que fose de aplicación ao contrato.

En consecuencia, coa citada modificación o texto refundido das citadas instruccións queda redactado do seguinte modo:

1.- ÁMBITO SUBXECTIVO.

As presentes instrucións serán de aplicación á Deputación provincial da Coruña.

2.- ÁMBITO OBXECTIVO.

2.1.- Contratos susceptibles de revisión

Contratos públicos de obras, administrativos ou privados.

2.2.- Contratos de obras en execución, licitación, adxudicación ou formalización á entrada en vigor da Real Decreto Lei 3/2022, isto é, o 02/03/2022.

De acordo co establecido no Real Decreto Lei 3/2022 modificado polo Real Decreto Lei 6/2022 e o acordo da Xunta de Galicia do 28 de abril do 2022, que o fai extensivo á administración local, serán susceptibles de revisión excepcional de prezos os contratos públicos de obras, xa sexan administrativos ou privados, adxudicados pola Deputación provincial da Coruña que se atopen en execución, licitación, adxudicación ou formalización á entrada en vigor do real decreto-lei 3/2022, isto é, a partir do 02/03/2022.

2.3.- Contratos de obras cuxo anuncio de licitación se publique na plataforma de contratos do sector público no prazo dun ano a partir do 02/03/2022.

Serán susceptibles de revisión excepcional de prezos os contratos públicos de obras, xa sexan administrativos ou privados, cuxo anuncio de adxudicación ou formalización se publique na plataforma de contratación do sector público no período dun ano desde a entrada en vigor do real decreto-lei 3/2022, é dicir, a partir do 02/03/2022, sempre que concorra a circunstancia establecida en real decreto lei 3/2022.

Igual posibilidade de revisión excepcional de prezos recoñeceráselle ao contratista naqueles contratos públicos de obras, xa sexan administrativos ou privados, adxudicados pola Deputación provincial da Coruña, cuxo anuncio de licitación se publique na plataforma de contratos do sector público no prazo dun ano desde a entrada en vigor do real decreto lei 3/2022, isto é a partir do 02/03/2022, e cuxo prego de cláusulas administrativas particulares estableza unha fórmula de revisión de prezos, sempre que concorra a circunstancia establecida no real decreto-lei 3/2022.

2.4.- Incumprimento de prazos polo contratista

Non procederá o cómputo dos prazos para esta revisión extraordinaria si a obra se demorou por causas imputables ao contratista.

3.- RECOÑECEMENTO DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS E CRITERIOS DE CÁLCULO.

A revisión excepcional de prezos recoñecerase cando o incremento do custo dos materiais empregados para o contrato de obras tivese un impacto directo e relevante na economía do contrato durante a súa vixencia e ata a súa finalización, isto é unha vez formalizada a acta de recepción e emitida a correspondente certificación final.

3.1. Existencia de impacto directo e relevante na economía do contrato.

Para estes efectos considerárase que existe tal impacto cando o incremento do custo de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, calculado aplicando aos importes do contrato certificados nun período determinado, sempre posterior ao 1 de xaneiro de 2021, que non poderá ser inferior a doce nin superior a vinte catro meses, a súa fórmula de revisión de prezos si a tivese, e, na súa falta, aplicando a que pola natureza das obras lle corresponda de entre as fixadas no Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, exceda do 5 por cento do importe certificado do contrato nese mesmo período.

Para estes efectos, entenderase por período determinado o comprendido entre o período incluído na primeira certificación de obra e a última inmediatamente anterior á acta de recepción, minorado no seu caso, no período de demora que sexa imputable ao contratista.

No caso de que o contrato tivese unha duración inferior a doce meses, o incremento do custo calcularase sobre a totalidade dos importes do contrato certificados. O período mínimo de duración do contrato para que poida se aplicable esta revisión excepcional de prezos será de catro meses, por debaixo do cal non existirá este dereito.

O cálculo deste incremento efectuarase suprimindo da fórmula aplicable ao contrato os termos que representan os elementos de custo distintos dos antes citados, e incrementando o termo fixo, que representa a fracción non revisable do prezo do contrato, no valor dos coeficientes dos termos suprimidos, de forma que a suma de todos os coeficientes mantidos máis o termo fixo sexa a unidade.

A contía da revisión excepcional á que se refire este artigo non poderá ser superior ao 20 por cento do prezo de adjudicación do contrato. Dita contía non se tomará en consideración para os efectos do límite do 50 por cento previsto no artigo 205.2. da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e no artigo 111.2 da Real Decreto Lei 3/2020, do 4 de febreiro; nin para os efectos doutros límites sobre modificacións previstos na normativa anterior que fose de aplicación ao contrato.

3.2. Criterios de cálculo da revisión excepcional de prezos

A contía resultante da revisión excepcional calcularase da seguinte maneira:

a) Cando o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de obras estableza unha fórmula de revisión de prezos, dita contía será o incremento que resulte da aplicación desta fórmula modificada suprimindo o termo que represente o elemento de custo correspondente a enerxía, e incrementando o termo fixo, que representa a fracción non revisable do prezo do contrato, no valor do coeficiente do termo suprimido, de forma que a suma de todos os coeficientes mantidos máis o termo fixo sexa a unidade, ás certificacións do executado durante o período desde o 1 de xaneiro de 2021, ou desde o primeiro período certificado si este fose posterior, ata o momento no que, de acordo con o disposto no apartado 5 do artigo 103 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, poida ser efectiva a revisión prevista na cláusula. Transcorrido este período, o contrato rexerese polo establecido no prego.

b) Cando o prego de cláusulas administrativas particulares non estableza a fórmula de revisión de prezos, dita contía determinarase como a diferenza entre o importe certificado pola execución da obra cada ano desde 1 de xaneiro de 2021, ou desde o primeiro período certificado si este fose posterior, ata a conclusión do contrato e o que se certificou si dita execución tivese dereito a revisión de prezos, aplicando a fórmula que apareza no proxecto de construción que serviu de base para a licitación do mesmo ou na súa falta a que correspondese ao contrato de entre as mencionadas no Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, modificada suprimindo o termo que represente o elemento de custo correspondente a enerxía, e incrementando o termo

fixo, que representa a fracción non revisable do prezo do contrato, no valor do coeficiente do termo suprimido, de forma que a suma de todos os coeficientes mantidos máis o termo fixo sexa a unidade.

Esta regra aplicarase aínda que aínda non se executara o 20 por cento do importe do contrato ou non transcorresen dous anos desde a súa formalización. En ambos os casos, a data a considerar como referencia para os índices de prezos representados con subíndice 0 nas fórmulas de revisión será a data de formalización do contrato, sempre que a formalización se produza no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termine este prazo de tres meses si a formalización se produce con posterioridade. En todo caso, si a data de formalización é anterior ao 1 de xaneiro de 2021, tomarase como referencia o 31 de decembro de 2020.

4.- TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RECOÑECIMENTO DE REVISIÓN DE PREZOS.

4.1. Solicitude

Presentarase unha solicitude para cada unha das obras das que se solicite revisión de prezos asinada por persoa con poder suficiente para representar á empresa, identificando o código de expediente e o código de obra.

4.1.1. Prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da Deputación a partir da formalización da acta de recepción e en todo caso antes da aprobación da certificación final das obras.

4.1.2. Documentación a acompañar ás solicitudes

A solicitude irá acompañada da documentación necesaria para acreditar a concorrencia da circunstancia de excepcionalidade establecida en real decreto-lei 3/2022.

4.2. Comprobación por parte da Deputación

O órgano de contratación deberá apreciar o cumprimento da circunstancia de excepcionalidade que dea lugar á revisión de prezo. Para iso, e sempre que sexa posible, o órgano de contratación utilizará datos procedentes do Instituto Nacional de Estatística.

O servizo técnico provincial competente (Vías e Obras, Arquitectura e Mantemento ou Asistencia Técnica a Municipios) efectuará a comprobación da documentación presentada polo solicitante mediante informe motivado, no que se indicará:

- Se procede ou non a revisión de prezos.
- No caso de que proceda a revisión de prezos, a fórmula de revisión de prezos a aplicar.
- En caso de demora no prazo de execución do contrato, si a mesma é por causa imputable ao contratista ou á Administración.
- O importe da liquidación provisional calculada cos índices publicados ata a data do informe.

O informe do servizo técnico remitirase ao Servizo de Patrimonio e Contratación para que emita o correspondente informe relativo aos aspectos xurídicos que, coa conformidade da Secretaría Xeral remitirase ao Servizo de Fiscalización para emisión do preceptivo informe.

4.3. Emenda

En caso de non achegarse a documentación necesaria para a tramitación da revisión extraordinaria, o órgano de contratación concederá un prazo improrrogable de sete días hábiles para emendar os defectos observados.

No caso de que neste prazo non se emendase a deficiencia, denegarase a solicitude.

4.4.- Proposta provisional

Unha vez recibida a documentación, o órgano de contratación ditará unha proposta provisional indicando nela se procede recoñecer a revisión excepcional de prezos e, de ser así, a fórmula aplicable ao contrato e a liquidación provisional.

4.5.- Trámite de audiencia

A proposta provisional trasladarase ao contratista por un prazo de 10 días hábiles para que presente as súas alegacións.

4.6.- Resolución

4.6.1.- Prazo para emitir resolución.

Transcorrido o prazo establecido no apartado anterior, o órgano de contratación resolverá motivadamente o que proceda no prazo dun mes a contar desde a recepción das alegacións ou desde a finalización do prazo para a súa presentación.

A concesión da revisión excepcional de prezos non requirirá o reaxuste da garantía definitiva.

Aprobarase a concesión ou denegación da revisión extraordinaria de prezos de forma motivada por Resolución de Presidencia que se notificará ao contratista, á dirección de obra e á Intervención Provincial.

4.7.- Desestimación por silencio

A finalización do prazo máximo para resolver sen ter resolución expresa, faculta ao solicitante para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

5.- PAGO DA CONTÍA RESULTANTE DA REVISIÓN DE PREZOS.

5.1.- Forma de pago e desistencia de recursos

A contía resultante desta revisión excepcional será obxecto de factura polo contratista e presentarse, separadamente, cando se presente a certificación final da obra e a factura desta certificación final.

O pago da contía resultante da revisión excepcional de prezos quedará condicionado, no caso de que o contratista interpuxera calquera reclamacións ou recursos en vía administrativa ou exercitado calquera tipo de acción xudicial por causa do incremento do custo dos materiais nese contrato, a que acredite fidedignamente que desistiu daqueles.

5.2.- Determinación definitiva do importe na liquidación

O importe da liquidación provisional da revisión extraordinaria de prezos corríxase, no seu caso, á alza ou á baixa, na liquidación do contrato, cos índices oficiais definitivos correspondentes ao período en que se aplicou a revisión.

Para estes efectos, o servizo técnico correspondente emitirá de oficio informe no que se determine a liquidación definitiva da revisión extraordinaria de prezos.

O informe remitirase ao Servizo de Patrimonio e Contratación que emitirá informe xurídico e remitirao ao Servizo de Fiscalización.

Unha vez fiscalizado favorablemente emitirase a correspondente resolución aprobando a liquidación definitiva da revisión extraordinaria de prezos que se notificará ao contratista.

No caso de que da liquidación definitiva resulte un importe a favor do contratista, este presentará a correspondente factura por este importe.

No caso de que a liquidación definitiva resulte un importe a favor da Deputación, requirirase ao contratista para que presente a correspondente factura rectificativa e proceda ao seu ingreso e de non efectualo, descontarase do importe da garantía definitiva do contrato ou no seu caso, esixirase pola vía de constrinximento.

5.3.- Repercusión ao subcontratista.

O contratista que perciba a contía resultante desta revisión excepcional deberá repercutir ao subcontratista a parte da mesma que corresponda á porción da obra subcontratada. O subcontratista terá acción contra o contratista para reclamarlle dita parte.

Os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

5.6.- Transmisión de dereitos de cobranza

O contratista terá dereito a transmitir os dereitos de cobranza da revisión de prezos."

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en acceso a O Outeiro e outros", do Concello de Boimorto, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0117.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Boimorto do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en acceso a O Outeiro e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0117.0 , no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación nº 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, que aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario.

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo plenario do 23 de xuño do 2022, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condición Pendente
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Boimorto	2022.2000.0117.0	Mellora do firme en acceso a O Outeiro e outros	118.026,71	0,00	118.026,71	Autorización Patrimonio Cultural - Xunta

Logo de aprobar o Concello de Boimorto un proxecto modificado deste investimento, con incremento do seu orzamento de contrata, asinado dixitalmente o 20 de xuño do 2022 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos, coa finalidade de adaptalo ás condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia concedida con data do 28 de abril do 2022 e que afectan basicamente ao núcleo de Paredes e á substitución do pavimento de aglomerado previsto no dito núcleo por formigón.

Logo de ver o certificado do interventor municipal acreditativo da existencia de crédito do 29 de agosto do 2022, para facer fronte ao incremento do orzamento de contrata deste proxecto modificado.

Logo de ver que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 22 de xullo do 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do firme en acceso a O Outeiro e outros”, do Concello de Boimorto, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0117.0, que foi aprobado de forma condicionada á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e que polo tanto aínda non está adxudicado. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 22 de xullo do 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, todo iso coa finalidade de adaptalo ás condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia concedida o 28 de abril do 2022 e que afectan basicamente ao núcleo de Paredes e á substitución do pavimento de aglomerado previsto no dito núcleo por formigón, e que supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Boimorto tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Boimorto “Mellora do firme en acceso a O Outeiro e outros” Código 2022.2000.0117.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata	CONDICIÓN CUMPRIDA
Deputación	118.026,71	118.026,71	0,00	Autorización
Concello	0,00	16.379,21	16.379,21	Patrimonio Cultural-Xunta
Total	118.026,71	134.405,92	16.379,21	

2.- Aprobar definitivamente este investimento, logo de considerar cumprida a condición á que fora sometido segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación adoptado o 23 de xuño do 2022 que aproba o POS+2022 e, en consecuencia, levantar a condición suspensiva á que foi sometido.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Boimorto para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

20.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e ampliación do saneamento no lugar de San Mamede", do Concello de Paderne,

incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial co código 2019.2001.0534.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora e ampliación do saneamento no lugar de San Mamede", do Concello de Paderne, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial co código 2019.2001.0534.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario

Logo de ver as Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Paderne	2019.2001.0534.0	Mellora e ampliación do saneamento no lugar de San Mamede	64.038,38	0,00	64.038,38

Logo de ver que o Concello de Paderne, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de abril de 2021, adxudicoulle a obra á empresa URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L., co NIF B70446182, no prezo de 55.713,39 € e que no día de hoxe está totalmente pendente de certificar

Logo de aprobar o Concello de Paderne, previa solicitude do director facultativo da obra, coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 2 de xuño de 2022 polo arquitecto e director das obras, Antonio López Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, sen variación do seu orzamento total, pero que supón, con respecto deste, un cambio do trazado inicialmente previsto, ao ter que suprimir parte dun tramo contemplado no proxecto inicial, concretamente o que pretendía dar servizo no lugar de A Portela, pola imposibilidade de realizar un conxionado funcional ata o saneamento existente, xa que as cotas comprobadas in situ neste lugar obrigarían a un bombeo non previsto, substituíndose este tramo pola continuación doutro dos tramos xa previstos no proxecto inicial ata o conxionado co saneamento xa existente

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (Anexo V), asinado dixitalmente o 29 de agosto de 2022 polo arquitecto redactor e director das obras, no que indica que o trazado polo que discorren as obras incluídas neste proxecto modificado do 2 de xuño de 2022 é de titularidade municipal, con dispoñibilidade total, polo que non se precisan autorizacións previas

Logo de ver o informe técnico-xurídico (Anexo VI), asinado o 30 de agosto do 2022 polo arquitecto director das obras e polo secretario do concello, no que este último indica que o concello ten dispoñibilidade dos camiños necesarios para a execución das obras ao atoparse inventariados como propiedade do Concello de Paderne

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 22 de xullo de 2022

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora e ampliación do saneamento no lugar de San Mamede”, do Concello de Paderne, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0534.0, sen variación económica, que está adxudicado, que se aprobou polo concello, previa solicitude do director das obras e que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa conformidade do adxudicatario e coa supervisión favorable do Servizo de Asistencia técnica a Municipios desta deputación, coa única finalidade de suprimir un dos tramos contemplados no proxecto inicial e a súa substitución pola continuación doutro xa existente, co obxectivo de conseguir unha conexión operativa do novo trazado de

saneamento municipal co que está xa en funcionamento no Concello de Paderne, sendo os seus datos de execución os que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Paderne Código 2019.2001.0534.0 "Mellora e ampliación do saneamento no lugar de San Mamede"	Deputación	64.038,38	55.713,39	8.324,99	0,00	55.713,39
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	64.038,38	55.713,39	8.324,99	0,00	55.713,39

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida orzamentaria 0430/1606/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Paderne para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento."

21.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio CEP Xosé M^a Brea Segade de Taragoña", do Concello de Rianxo, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0736.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo concello de Rianxo do proxecto modificado denominado "Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio CEP Xosé M^a Brea Segade de Taragoña", do Concello de Rianxo, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0736.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria

realizada o 20 de decembro do 2019, que aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Rianxo	2019.2001.736.0	Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio CEP Xosé M ^a Brea Segade de Taragoña	63.300,00	0,00	63.300,00

Logo de ver que o Concello de Rianxo, mediante Resolución da Alcaldía número 661/2021 do 5 de agosto de 2021(publicado na Plataforma de Contratos do Estado o 12 de agosto de 2021), adxudicoulle a execución deste investimento á empresa Novavial S.L, co NIF B70538459, por un importe de 61.105,00 €, que minoran a achega provincial inicial tal e como se indica na seguinte táboa, na que tamén se reflicten os datos de execución que constan no día de hoxe:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Rianxo Código: 2019.2001.0736.0 “Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio CEP Xosé M^a Brea Segade de Taragoña”	Deputación	63.300,00	61.105,00	2.195,00	0,00	61.105,00
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	63.300,00	61.105,00	2.195,00	0,00	61.105,00

Tendo en conta que, mediante a Resolución da Alcaldía do Concello de Rianxo do 3 de decembro de 2021, subida á plataforma SUBTEL o 25 de abril de 2022, declárase resolto este contrato coa devolución da garantía constituída, por mutuo acordo coa empresa adxudicataria, representada por Luis Felipe López Saco e o Concello de Rianxo, ao non axustarse os prezos dos materiais do proxecto inicial, redactado no ano 2019, aos prezos de mercado actuais, que experimentaron un gran incremento, sendo preciso redactar un proxecto modificado que recolla uns prezos actualizados

Logo de aprobar o Concello de Rianxo un proxecto técnico modificado deste investimento, datado o 19 de novembro de 2021 e asinado dixitalmente o 18 de abril de 2022 polo arquitecto e director da obra, Juan Carlos Bastos González, que xa redactara o proxecto inicial, cun incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial incluído no Plan que é asumido integramente polo concello e que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa única finalidade de axustar os prezos contidos no proxecto inicial aos prezos reais de mercado

Logo de ver que segundo os anexos V, VI, VII e VIII incorporados ao expediente, este proxecto modificado non precisa de ningunha autorización sectorial, o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución e o proxecto cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

Logo de ver a certificación emitida o 1 de setembro de 2022 pola Interventora accidental do concello da existencia de crédito axeitado e suficiente para o contrato de obra “Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio C.E.P. Xosé María Brea Segade de Taragoña, en Rianxo” polo importe de 95.033,40 €, co seguinte detalle: 61.105,00 € (Subvención Deputación); 33.255,21 € (Achega municipal) e de 673,19 € (Préstamo)

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 20 de abril de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio CEP Xosé Mª Brea Segade de Taragoña”, do Concello de Rianxo, incluído na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0736.0, datado o 19 de novembro de 2021 e asinado dixitalmente o 18 de abril de 2022 polo arquitecto e director da obra que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e logo da resolución do contrato por mutuo acordo coa empresa adxudicataria, que foi redactado pola diferenza existente entre o valor dos materiais descritos no proxecto orixinal redactado no ano 2019 e o valor de mercado actual, o que fai necesario axustar os prezos contidos no proxecto inicial aos prezos reais de mercado, tendo en consecuencia o proxecto modificado un incremento do seu orzamento total de contrata que é asumido integramente polo Concello de Rianxo, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con resolución de contrato Concello de Rianxo “Mellora da envolvente do pavillón cuberto do colexio CEP Xosé Mª Brea Segade de Taragoña” Código 2019.2001.0736.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación		
Deputación	63.300,00	61.105,00	61.105,00	0,00
Concello	0,00	0,00	33.928,40	33.928,40
Total	63.300,00	61.105,00	95.033,40	33.928,40

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/3231/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Rianxo para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Rehabilitación da Capela do Pazo de Goiáns"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O obxecto deste proxecto e recuperar o patrimonio cultural e histórico que constitúe a capela do Pazo de Goiáns dentro do proxecto global de recuperación do mesmo para a veciñanza, xa que actualmente a capela carece de teito e acusa problemas estruturais aparentemente debidos aos efectos das inclemencias. O Pazo está situado nunha parcela singular, ao pé do estuario do Río Coroño dominando a Praia de Barraña, as cores dos seus xardíns, cheos de especies singulares, de espazos naturais significativos, o seu embarcadoiro, as antigas "pesqueiras"... fan deste conxunto un elemento de gran importancia. En particular a capela do Pazo, obxecto deste convenio, precisa urxentemente dunha consolidación dos elementos orixinais que se poden preservar e unha rehabilitación respetando no posible a configuración orixinal.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

4º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE BOIRO con CIF P1501100J, para financiar o "REHABILITACIÓN DA CAPELA DO PAZO DE GOIÁNS"

cun orzamento de 110.133,81 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 87.905,62 euros o que representa unha porcentaxe de **79,82%**.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "REHABILITACIÓN DA CAPELA DO PAZO DE GOIÁNS"

Na Coruña, a __ de _____ de 202__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de BOIRO**

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da

lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de BOIRO considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **REHABILITACIÓN DA CAPELA DO PAZO DE GOIÁNS**, xa que o Concello de BOIRO considera de primeira necesidade a rehabilitación da capela situada no recinto do Pazo de Goiáns, xa que na actualidade se nun estado ruinoso, sendo precisa a intervención na mesma para evitar unha maior deterioración da mesma, sendo urxente a súa reparación para evitar danos irreparábeis

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar o **REHABILITACIÓN DA CAPELA DO PAZO DE GOIÁNS**, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BOIRO ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente **CONVENIO DE COOPERACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras

fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

29.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

30.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2022 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2022 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

31.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2022 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2022 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

32.- Dación de conta da resolución de presidencia número 30938/2022 relativa a persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 30938/2022 pola que se dispón o cesamento de persoal eventual.

33.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello da Capela respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello da Capela, adoptado na sesión plenaria do 29 de xullo de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

34.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Arzúa respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Arzúa, adoptado na sesión plenaria do 1 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

35.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Bergondo respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Bergondo, adoptado na sesión plenaria do 28 de xullo de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

36.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Carnota respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Carnota, adoptado na sesión plenaria do 25 de agosto de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña,

PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

37.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Curtis respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Curtis, adoptado na sesión plenaria do 5 de agosto de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

38.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Fisterra respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Fisterra, adoptado na sesión plenaria do 4 de agosto de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

39.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Lousame respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Lousame, adoptado na sesión plenaria do 29 de xullo de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

40.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Muxía respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Muxía, adoptado na sesión plenaria do 11 de agosto de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

41.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Ortigueira respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Ortigueira, adoptado na sesión plenaria do 7 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

42.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Pontedeume respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Pontedeume, adoptado na sesión plenaria do 28 de xullo de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial

da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

43.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Porto do Son respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Porto do Son, adoptado na sesión plenaria do 17 de agosto de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

44.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Sobrado dos Monxes respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Sobrado dos Monxes, adoptado na sesión plenaria do 19 de xullo de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

45.- Aprobación da aceptación da encomenda de xestión do Concello de Cee no tocante ás tarefas técnicas de análise de riscos previstas no Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da encomenda de xestión do Concello de Cee, adoptado na sesión plenaria do 29 de xullo de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás tarefas técnicas de análise de riscos previstas no PLAN PREMADECOR.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da encomenda de xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e formalizado en convenio de conformidade co disposto no artigo 11 da LRXSP, e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

46.- Dación de conta do acordo de adhesión do Concello de Culleredo ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

Dáse conta do acordo do Concello de Culleredo, adoptado na sesión plenaria do 18 de agosto de 2022, de adhesión ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control, hai unha primeira moción, do Partido Socialista de Galicia, sobre entidades bancarias e enerxéticas.

1.Moción do Grupo Provincial PSdeG-PSOE sobre entidades bancarias e enerxéticas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os poderes públicos non poden obviar o carácter social do noso Estado e por iso responden aos problemas que están a aumentar respecto á subida de prezos en determinados bens e servizos básicos para a cidadanía por mor da guerra en Ucraína e outros factores exógenos.

Como resposta eficaz, eficiente e contundente, o coñecido como "pacto de rendas" é un instrumento fundamental para paliar as consecuencias da inflación como principal ameaza europea e española. Estas consecuencias deben ser repartidas equitativamente.

Ademáis das medidas adoptadas polo Goberno do Estado sobre o transporte, a revalorización das pensións e a bonificación sobre o prezo dos carburantes, os grupos do Executivo formularon unha proposta sobre a imposición ás enerxéticas e ás entidades bancarias que recadará aproximadamente 3.500 millóns de euros para repartir entre fogares e empresas vulnerables.

A proposta do Goberno de gravar de maneira extraordinaria e temporal ás entidades bancarias e ás grandes empresas enerxéticas saíu adiante no Congreso dos Deputados con 187 votos a favor, 153 en contra e 8 abstencións.

A dereita conformada polo Partido Popular, Cidadáns e Vox negouse a apoiar as medidas que axudarán a recadar uns 2.000 millóns de euros por parte do sector enerxético e uns 1.500 millóns por parte do sector bancario en dous anos. Mesmo se negaron a debatelas no Congreso dos Deputados. En suma, estes partidos limitáronse a repudiar as propostas e negaron o debate defendendo así ás enerxéticas e elites empresariais. Á vez que as entidades bancarias ven incrementados os seus beneficios grazas ás medidas adoptadas polo Banco Central Europeo coa subida dos tipos de interese, o Goberno Central propúxose que parte

deses beneficios bancarios sexan destinados aos fogares e ás empresas vulnerables. Desta maneira, os bancos axudarán a mitigar os efectos da inflación que ameazan a estabilidade no noso país.

Pola súa banda, é sabido que as empresas enerxéticas contan na actualidade con beneficios extraordinarios por mor da situación bélica pola que atravesan países exportadores de enerxía e a expensas dos consumidores.

A Presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, (pertencente ao Partido Popular Europeo) declarou que "os beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan".

Dende o PSdeG-PSOE, recoñécese a necesidade inminente de defender, auxiliar e apoiar á cidadanía.

Por todo o exposto, dende o Grupo Provincial Socialista propoñemos a aprobación polo Pleno da Deputación da Coruña do seguinte acordo:

1. Apoiar a aprobación do establecemento de gravames en España e a Unión Europea de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, bo día a todos e a todas. Todos temos a moción e polo tanto xa coñecemos cal é a exposición de motivos, polo que pasaría a dar lectura unicamente ao acordo desta, e é que: "Desde o Grupo Provincial Socialista propón a aprobación polo Pleno da Deputación da Coruña do seguinte acordo, que é apoiar a aprobación do establecemento de gravames en España e a Unión Europea de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios deben compartirse e canalizarse para quen máis os necesita".

A ningún se lle escapa que a situación que estamos a vivir, que está a vivir a nosa sociedade a raíz sobre todo da guerra de Ucraína, e co incremento dos prezos da enerxía, que está a afectar, loxicamente, a todas as materias primas, pois está a complicar moito a situación económica de moitas familias, non? Polo tanto, entendemos, neste caso o Goberno de España, que aquelas empresas, neste caso os bancos e as compañías enerxéticas, que están a ter uns beneficios extraordinarios á custa desta situación; acabamos de ver como os tipos de xuro están a subir e polo tanto se van incrementar os beneficios dos bancos, non parece desgraciadamente que esa escalada da subida vaia parar, e os prezos da enerxía a raíz, e como consecuencia da guerra de Ucraína, pois tamén se están a ver incrementados considerablemente e polo tanto incrementando, valla a redundancia, os beneficios destas empresas, sensible a esta situación, o Goberno do Estado propuxo gravar eses beneficios de forma temporal e extraordinaria para recadar 3.500 millóns de euros por parte do Estado, que irían parar, loxicamente, a aquelas familias, organizacións ou empresas que fosen máis vulnerables e que tivesen máis necesidade de financiamento ou de fondos.

Na mesma liña á parte manifestou tamén a propia presidenta da Comisión,

Ursula von der Leyen, que dicía textualmente: “En estos tiempos que vivimos, no puede ser que algunos obtengan unos beneficios extraordinarios gracias a la guerra y a costa de los consumidores, por tanto los beneficios deben compartirse y canalizarse a quien más los necesite”. Esa é a liña de partida na que se fundamentou a proposta do Goberno do Estado e é a mesma liña de partida sobre a que a Unión Europea está a formular tamén un gravame similar ao que o Goberno de España aprobou recentemente no Congreso dos Deputados, e que lle permitiría á Unión Europea, en palabras da propia presidenta, recadar 140.000 millóns de euros que virían de reter o 33% dos beneficios extraordinarios que estas empresas obtiveron no ano 2022.

De aí que traíamos esta moción a Pleno, porque entendemos que afecta á maioría da nosa sociedade e neste caso da provincia da Coruña, que está a ver como ese incremento de prezos, como dicía antes, afecta no seu día a día ás cousas máis básicas, e polo tanto está habendo un empobrecemento da poboación como consecuencia deste. Polo tanto, esperamos poder contar co apoio de todos os grupos desta Corporación tendo en conta que somos coñecedores da sensibilidade de todos e cada un deles con esta problemática.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Ben, trataremos de ser breves tamén, imos apoiar esta moción. Creo que a nivel de antecedentes poderíase citar os 60.000 millóns de euros investidos polo Estado español no rescate bancario no ano 2011, que parece que agora é esquecido, parece que xa non nos acordamos dos precedentes da situación na que estamos, non? Vou citar o artigo 31 da Constitución española, que di que “todos contribuiremos ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto inspirado nuns principios de igualdade e progresividade”. Progresividade é basicamente un concepto que di que quen máis ten máis debe achegar ao financiamento do gasto público.

Hai un segundo factor, que creo que, ampliando o foco disto á política fiscal en xeral, ao fío dos debates que estamos vendo hoxe en día, que é o principio de cohesión territorial; estamos asistindo hoxe a unha poxa de baixada de impostos por comunidades autónomas que pensamos que é completamente contrario ese principio que se invoca tantas veces de cohesión territorial.

E hai unha terceira cuestión que é a cuestión da viabilidade, cando se propoñen rebaixas de impostos alguén debería dicir como se vai dar conta dos compromisos que ten o Estado español en materia de débeda pública, que hai que devolvela, hai que pagala; e tamén debería dicir que recortes en materia de gasto se van facer.

En todo caso, como xa dixen ao principio, nós apoiamos esta moción.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todos e todas. Ao ir á liña da intervención en relación ás que me preceden, pois tampouco me vou estender demasiado. Evidentemente, todos somos conscientes da situación extraordinaria, o xeito no que está impactando na vida das familias pois efectivamente o incremento de prezos derivados dos prezos da enerxía, o impacto que vai ter o incremento dos xuros pois tamén no acceso á vivenda e no

mantemento das hipotecas, e efectivamente mentres vemos como o incremento de beneficios se dispara, tanto para empresas enerxéticas e tamén para a banca, mentres a maioría das familias cada vez ven máis minguadas as súas economías. Daquela, partindo de que apostamos por un principio de xustiza nas políticas impositivas e atendendo a que este incremento nos ingresos vía impositiva debe derivar nunha maior protección social, efectivamente, das persoas que están en situación de maior vulnerabilidade, pois estamos de acordo e expresamos o noso voto favorable.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día.

Con carácter previo, entendo que, dado que o voceiro do Goberno non se referiu á nosa emenda, entendo que se rexeita. Ben, grazas.

Eu o primeiro agradecerlle ao voceiro o esforzo que fixo ao final por xustificar, efectivamente, que isto é unha cuestión que afecta a todo o mundo, incluídos tamén os coruñeses. Iso tamén ocorre cando ás veces é este grupo o que trae outro tipo de mocións, que aquí se tachan como mocións que veñen de Madrid, eu penso que esta tampouco, intúo que tampouco se lles ocorreu a vostedes. Pero, ben, evidentemente, igual que ocorre coas nosas, afectan á poboación da nosa provincia.

A nosa emenda tiña como obxecto enriquecer esta moción, que servise para algo, porque eu non sei, cando a vin, tiven que lela dúas veces, porque vimos hoxe a apoiar o xa aprobado polo Goberno da nación. Polo tanto, non sei se quizais se debe a un problema de conciencia. É dicir, vostedes o Partido Socialista, gobernaron na nación, en España, durante practicamente a metade da democracia, incluso sen contar estes últimos anos nos que, máis que o Partido Socialista, é certo, goberna Sánchez, pero goberna secuestrado ideoloxicamente polos socios que elixiu, eu non sei se ao mellor isto é un pouco pretender lavar esa conciencia. Pero, en todo caso, hai que pedir algo máis ao Goberno que apoiar as medidas que xa está aprobando para combater a inflación que padecen as familias, porque evidentemente isto non está a funcionar.

E, polo tanto, xa non lle vou dicir que mire para o que está a facer o Goberno da Xunta de Galicia, senón tamén o que están a facer outros gobernos autonómicos socialistas que empezan a desmarcarse dese muro ideolóxico en contra das rebaixas fiscais. Poden adoptar outro tipo de medidas, poden preocuparse por mellorar a eficiencia e calidade do gasto público, racionalizando o gasto burocrático do Goberno. Isto non equivale a recortar, non equivale a recortar. Isto o que quere dicir é que hai que facer que eses cartos que se destinan ao aparato do Estado se gasten de forma eficiente, e non no Goberno máis caro, amplo e, por desgraza, ineficiente da historia da nosa democracia.

Ou tamén en axilizar a execución de todos os fondos asignados a España pola Unión Europea para desenvolver o Plan de recuperación; esta é unha cuestión que tamén pode incidir no que estamos hoxe a falar. O 70% destes fondos destinados a cada Estado deben estar asignados ou comprometidos a finais do ano 2022. De 77.000 millóns de euros, neste mes, apenas hai 18.000 que estean asignados, e

menos aínda comprometidos. Polo tanto, estas son cuestións que si terían certo interese tamén, e por certo xa viñeron a este Pleno, viñeron nunha moción en defensa da economía das familias hai un ou dous plenos, por certo, votaron daquela vostedes en contra.

O Goberno da nación, ademais, que pechou o ano 2021 cun récord histórico de recadación en impostos e que o vai superar neste ano. Polo tanto, quizais aquí pode haber outro tipo de medidas. Aquí realmente do que estamos a falar é de dous modelos para combater a inflación. O que nós propoñemos de rebaixas fiscais, para que?, para que eses cartos que a día de hoxe se están ingresando, precisamente como motivo desta inflación, de máis por parte do Goberno, queden no peto da cidadanía, quede no peto dos cidadáns. E hai outro modelo que é que eses cartos vaian ao peto do señor Pedro Sánchez e logo el xa verá.

Polo tanto nós, a nosa idea, é que ese aforro se pode facer xa, cando hai agora mesmo, a estas alturas do ano, uns 22.000 millóns de euros máis de ingresos sobre o previsto e que se pode chegar a rematar o ano con 30.000, eses cartos pode facerse que queden nos petos dos cidadáns. E, polo tanto, esa é a idea que nós defendemos, que é a que está a desenvolver –insisto– a Xunta de Galicia, mesmo esta semana nas liñas que adiantou o presidente Alfonso Rueda dos orzamentos para o ano 2023, no que os galegos que dende o ano 2009 levan aforrados 1.200 millóns de euros en impostos o ano que vén poderán aforrar unha media por cidadán de 450 euros máis. Como? Principalmente con medidas que afectan á deflactación do IRPF, familias con dous fillos de menos de 25 anos equipararanse ás numerosas, o primeiro tramo do IRPF baixará ao 9%, e aplicarase, con efectos do 1 de xaneiro unha deflactación nos seus primeiros tramos ata os 35.000 euros que implica elevar os límites entre tramos para acompañarse ao incremento do custo de vida. Isto serán 46 millóns de euros, que supoñen eses 450 euros na próxima declaración por cidadán. Evidentemente, acompañado doutro tipo de medidas, como son as bonificacións no imposto de transmisións patrimoniais, a eliminación do imposto de sucesións ou o programa pioneiro por parte da Xunta de impostos cero no rural.

Ou outro tipo de medidas, como son estratéxicas en materia de enerxía e de administración, que tamén se poden adoptar e das que non sabemos nada por parte do Goberno da nación. Neste sentido a Xunta incluírá nos orzamentos do ano 2023 estas medidas: duplicará os fondos destinados ao aforro e a eficiencia enerxética, que pasarán de 40 a 80 millóns; duplicará tamén os fondos asignados ao pago das facturas eléctricas dos consumidores máis vulnerables; e incrementará nun 50% a achega autonómica para que máis de 60.000 fogares galegos que o necesitan poidan afrontar a suba do recibo.

Polo tanto, de aí a nosa emenda, queríamos enriquecela, queríamos que servise para algo máis que adherirnos, levantar a man e darlle unha palmada nas costas ao Goberno de Sánchez por unha serie de medidas que vemos que non están a funcionar, e, polo tanto –insisto– entre eses dous modelos de que os cartos queden no peto dos cidadáns ou que os cartos vaian ao peto do Goberno e logo el xa decidirá como actúa, cando vemos que esas medidas non están a funcionar, por iso desgraciadamente non podemos apoiar a moción nos termos presentados.

Máis nada, moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós non aceptamos a emenda, e desculpade que me esquecera na miña intervención de explicalo, por dous motivos: o primeiro deles, porque é inconcreta, é dicir, pon que os ingresos extraordinarios que reciban as entidades enerxéticas sexan compartidos, pero non especifica de onde proveñen eses ingresos extraordinarios. Porque, loxicamente, se as empresas teñen uns ingresos extraordinarios, uns beneficios extraordinarios, van tributar máis co modelo xa actual e, polo tanto, o Goberno vai ter uns ingresos extraordinarios. Pero non é iso do que estamos a falar, do que estamos a falar é dun novo gravame a maiores dos que xa temos actualmente para que o Goberno ingrese aínda máis. Polo tanto, a súa moción o que dá a impresión é que navega na ambigüidade para non apoiar as medidas do Goberno, porque o seu grupo todos e todas sabemos que non as apoiou no Congreso dos Deputados, nin sequera querían debatelas no Congreso dos Deputados, xa non é que non as apoiara. É curioso que se fale de que se acepten, de que se consensúen as medidas co resto de grupos cando vostedes esta medida en concreto nin sequera querían debatela no Congreso, algo que chama bastante a atención, non?.

Pero, en todo caso, como digo, parece que navega na ambigüidade porque non se sabe moi ben a que se están a referir vostedes; se eses ingresos extraordinarios son provenientes dos beneficios extraordinarios e por tanto xa van tributar por eles, como digo, co modelo actual, ou ben se están a referir aos que poidan chegar a través deste novo gravame que se propón por parte do Goberno. Por tanto, desde o noso punto de vista non podemos aceptala.

Fala vostede, propoñen tamén que se faga con maior apoio parlamentario; home, non fai falta que recorde eu cal é a situación parlamentaria do Goberno, que non é de maioría. Polo tanto, calquera medida que se pretenda aprobar polo actual Goberno e os seus socios pois sempre se intenta que sexa co maior apoio parlamentario, loxicamente, porque entre outras cousas, senón, non sairía adiante tendo en conta que están en minoría. Ese é o motivo polo que nós non aceptamos esa emenda, que nos parece que non enriquece absolutamente nada o noso texto.

E chámame a atención e gústame que vostede sacara como exemplo a Xunta de Galicia. É dicir, a Xunta de Galicia a primeira medida que anuncia o presidente da Xunta de Galicia non é favorecer as clases medias; non, a primeira medida que anuncia é rebaixar o imposto de patrimonio un 50%; é dicir, a todas aquelas persoas que teñan máis dun millón de euros no banco van tributar un 50% menos, esa foi a primeira medida; e esas persoas supoñen un 0,002% dos galegos, é dicir, unha minoría total e absoluta. E despois, efectivamente, como vostede di, formula unha redución de IRPF para rendas de menos de 35.000 euros.

A diferenza diso, e que o Goberno do Estado o que fai é anunciar tamén unha rebaixa do IRPF para rendas de ata 21.000 euros e anunciar un imposto para as grandes fortunas. E esa é diferenza entre vostedes e nosoutros: que vostedes lles baixan os impostos aos máis ricos, báixanlle un pouco os impostos á clase media, aos máis pobres; e nós subímoslles os impostos aos máis ricos nun momento de necesidade total e absoluta da nosa sociedade e baixámoslles os impostos ás clases

medias e aos máis pobres. Efectivamente, vostedes defenden un modelo e nós defendemos outro, xa sabemos que non lles gusta, porque así o teñen dito. É verdade que agora, gustoume ver como o seu partido vai matizando a súa posición, non? Pero inicialmente non estaban a favor do imposto á banca nin do imposto ás eléctricas. Agora como ven que, claro, nas enquisas a xente está a favor, xa empezamos a matizar para onde digo digo dije Diego e a ver se podemos quedar máis ou menos ben presentándonos como defensores da clase media neste caso, e xustificando despois da bofetada que lles deu a señora Ursula von der Leyen, que é do Grupo Popular Europeo, pois loxicamente deixalos a vostedes en evidencia, porque contradixo todo o que é o argumentario do Partido Popular ao longo dos últimos meses a ese respecto.

É verdade que aos que xa os coñecemos de preto non nos chama a atención a seu defensa neste caso das grandes fortunas e das compañías eléctricas, pero todos sabemos o que hai, que vostedes estaban totalmente en contra e agora empezan a mudar, e con isto pasa un pouco o mesmo. É dicir, é curioso que a primeira medida, como digo, do señor Rueda é baixar o imposto de patrimonio a ese 0,002% dos galegos máis ricos e, despois de que a Generalitat Valenciana, que vostede tamén cita de forma indirecta, anuncie unha rebaixa do IRPF, que esa digamos que si que afecta as clases medias, é cando o señor Rueda, para non quedar atrás e disimular un pouco pois fai ese anuncio.

Por certo, a Comunidade de Andalucía foi a primeira tamén en anunciar esa rebaixa do imposto aos que máis teñen e aos que máis están a gañar loxicamente, o cal a nós nos parece inxusto dende o punto de vista da redistribución da riqueza, que é algo que defendemos no noso partido.

E ese mantra de *“ese dinero se lo lleva el señor Sánchez”*, que xa lle pasou ao señor Feijóo no seu día cando aterrou en Madrid e meteu a pata, corrixido por todos os medios, despois tivo que matizar tamén con iso de que o Goberno se estaba forrando, e resulta que eses cartos ían maioritariamente para as autonomías, entre elas a de Galicia, onde gobernaba el como presidente, e tampouco nos explicou o señor Feijóo que fixo con eses cartos. Que eu saiba non fixo un vale para repartir entre todos os galegos e as galegas para que pagasen menos pola electricidade; o que si fixo foi quedar a Xunta con eles e investilos ou redistribuílos da forma que considerou oportuna, porque para iso está o Goberno autonómico e para iso está tamén o Goberno estatal. Os fondos, como di vostede, non van ao peto do señor Sánchez. O señor Sánchez cobra un salario por presidente do Goberno e punto, non van para el. Por tanto, ese xogos de palabras que está moi ben traído para ver se enganamos alguén pensando que os cartos os leva Sánchez, está moi ben pero aquí non chupamos o dedo. Entón imos falar cun pouquiño de propiedade, os cartos van para o Estado e o Estado somos todos, o señor Sánchez, é vostede, son eu, todos os que estamos aquí sentados; e o Estado fará unha redistribución deses fondos como vén facendo: incrementando as pensións mínimas, incrementando a axuda mínima vital, etc., adoptando medidas de carácter social para colaborar con aquelas persoas que están a padecer máis a crise.

Eu por exemplo considérome afortunado, e coma min moitos dos deputados que están aquí sentados, que temos un salario que está moi por enriba da media dos

cidadáns, e por tanto eu estou de acordo en que, se teño que seguir pagando pola luz o prezo que estou pagando agora para que alguén que non teña a sorte de ter ese salario, ou que non teña ningún salario, pague menos, pois estou disposto a facer ese esforzo. Ben, é unha cuestión de convicción, pode haber quen non a teña. Por tanto, vostedes defenden, como dixen anteriormente, unha postura e nós outra, cada un no seu posicionamento.

Pero en todo caso, como digo, gústame ver o Partido Popular mudando xa aquel non rotundo a calquera proposta destas características, para empezar xa a aliñarse un pouco, xa non só co Goberno de España, que iso xa sei que nunca o van recoñecer, pero si polo menos coa Unión Europea presidida polo seu grupo.

E, por certo, hai que lembralo tamén, porque pasa ás veces de puntillas, que o Banco Central Europeo, o seu vicepresidente saben todos e todas quen é, e por tanto o incremento dos tipos de xuro—que diso non se fala, e pasamos todos así un pouco de rondón por iso— sería importante que se comentara de vez en cando, porque estou convencido de que se o presidente e o vicepresidente foran do Grupo Socialista Europeo, algo teríamos escoitado por parte do seu grupo.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Moi brevemente. Se temos que recorrer a que vostede pense que eu digo en sentido literal que eses 22.000 millóns están no peto de Sánchez, é que, ben, non vai tan mal o meu argumento, porque evidentemente penso que ninguén aquí o pode crer, nin tampouco aquel que o escoite a vostede pretendendo dar a entender que iso foi o que eu dixen.

Mire, en temas de matices, isto de cambiar de opinión, de que agora si, agora non; home, eu entrégolle a culler: eu en matices non podo competir con vostedes, “*no pactaré con Bildu; no pactaré con Podemos...*”. Matices, verdade?, en fin nesas cousas todo é opinable.

En canto a recordar quen é cadaquén, os cargos que ocupa, home, pois acabamos aquí de aprobar todos unha declaración institucional. Ao mellor hai que lembrar tamén en que grupo do Parlamento Europeo milita o comisario que vén de adoptar esa decisión —digo—, porque se imos xogar a isto xogamos a todo, non imos xogar só algúns.

E, por último, vostede dicía, e con isto remato e xa anticipo que non teño intención de volver intervir, vostede dicía que non entendía de onde sacabamos nós esa xustificación para esa literalidade da nosa emenda. Pois mire, voullo dicir, é que a sacamos precisamente da súa propia moción, das palabras literais da presidenta da comisión Ursula von der Leyen, que o que dixo foi —e está así na súa moción— “os beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesita”, e polo tanto nós entendemos que esta frase o que quere dicir é que eses beneficios poden perfectamente traducirse non en máis impostos para o Goberno, esa é a diferenza que vostede, coa habilidade que o caracteriza, pretendeu coar sobre o que se fixo por

exemplo en Galicia e o que se está a facer no Estado. Non, cando eu falo de que as familias aforran 450 euros, non que eses 450 euros non lles vaian á factura e lle vaian ao Goberno do Estado; non, quedan no seu peto. Esa é a diferenza, é a diferenza substancial. Por iso cando se fala de rebaixar impostos e de aliviar a presión fiscal, cando nós dicimos iso, o que quere dicir é que esas familias van pagar menos; non que evitamos incrementar máis aínda o recibo, van seguir pagando o mesmo, pero eses cartos van ir ao Goberno do Estado: 30.000 millóns de euros máis. Eu non sei como isto se compadece co discurso que vostedes veñen de facer da situación que están a atravesar as familias españolas neste momento tan especial.

Polo tanto, insisto, nós pensamos que é unha moción por parte desta Deputación na que simplemente o que imos facer é adherirnos, como se estivésemos aquí un concerto de rock, a unha medida que, ademais, insisto, falando de matices, unha medida que o propio presidente Sánchez cualificou no seu momento de bolivariana, de bolivariana, pero vale, en fin, matices, volvemos falar deses matices. Pero, ben, insisto, remato como empecei: realmente non sei se goberna o Partido Socialista ou se o fai, voluntariamente secuestrado pola ideoloxía dos socios que elixiu tamén voluntariamente o propio señor Sánchez.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que, postos a poñer exemplos, como o que puxo vostede, que é verdade, recoñézo, eu non son partidario nunca de facer este tipo de afirmacións en política, non as fago onde teño responsabilidades de Goberno e non as faría noutro sitio, pero, home, postos a facer cousas destas podemos falar do *“movimiento vasco de liberación”*, do señor Aznar, ou daquela soflama de *“Puyol, enano, habla castellano”*, e despois o que falaba catalán era Aznar na intimidade. Todos os grupos políticos, en canto aos pactos e aos socios de goberno temos dito cousas das que seguramente despois nos arrepentiríamos, o meu e o seu tamén. Polo tanto, entrar nesa discusión non ten moito sentido, porque todos pecamos do mesmo.

Pero é curioso, e que ademais me chama a atención como fixo vostede unha interpretación das palabras da señora Ursula von der Leyen que me chamou moito a atención, que dicía vostede que a súa emenda ía precisamente enfocada sobre o que dixo a señora Ursula von der Leyen, que o vou ler novamente: “los beneficios deben compartirse y canalizarse a quien más los necesite”, iso é o que dixo vostede que xustifica a súa emenda. E é curioso que a nosa proposta de acordo diga: “apoiar a aprobación dun establecemento de gravames en España e na Unión Europea –por certo, non o está apoiando só o Goberno de España, tamén a Unión Europea, aínda que a vostede xa sei que non lle gusta falar disto–, de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito de establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios – e isto é o importante– deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesita”. É dicir, dicimos o mesmo que di a señora Ursula von der Leyen, que a vostedes lles vale para xustificar a súa emenda, pero non lles vale para votar a favor do noso punto. Entón ten vostede un pequeno problema, hai un pequeno problema, porque os dous están dicindo o mesmo; un válelle e o outro non lle vale. Entón o problema non é o que si di, o problema é quen o di. Por tanto, como o di o Partido Socialista, a vostede

non lle serve e por iso van votar en contra. Se a moción a presentara o seu grupo co mesmo acordo, dicindo exactamente o mesmo, porque o acaba de dicir vostede, á parte permitiuse ademais vostede reproducir as palabras da señora Ursula von der Leyen, que di o que acabamos de dicir nós. Porque seguramente caeu vostede na trampa, que estaría pensado por parte de quen redactou esta moción, que xa se establecía no punto de acordo precisamente esa apostila de “deben compartirse e canalizarse cara a quen máis o necesite” parafraseando a señora Ursula von der Leyen. Ben, vostede sinto que caera nesa trampa porque acaba de ser evidente que non lle vale se o di un e si lle vale se o di outro; polo tanto, queda claro cal é a motivación do seu voto en contra, que é todo o que sexa presentado polo Partido Socialista e que poida ter un viso de apoio ao Goberno do Estado pois, loxicamente, non vai ser avalado polo Grupo Popular, algo co que algúns e algunhas seguramente xa contabamos e que é unha mágoa para este país. E, por certo, igual o meu partido ten os socios que ten porque tamén ten en fronte a quen ten; se tivese en fronte alguén con quen é fácil pactar determinadas cuestións e non é imposible pactar absolutamente todo, como pasa co Partido Popular cando está na oposición e moito máis cando está no Goberno, loxicamente as cousas seríannos máis fáciles. Seguramente deberíamos ter todos un pouco máis de pedagogía, de facela e de entender mellor cal é o funcionamento dun país democrático e dun parlamento no que un non está só para dicir que non absolutamente a todo, como é o caso do Partido Popular, senón para chegar cuestións que poidan afectar e beneficiar neste caso os cidadáns. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial PSdeG-PSOE sobre entidades bancarias e enerxéticas"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os poderes públicos non poden obviar o carácter social do noso Estado e por iso responden aos problemas que están a aumentar respecto á subida de prezos en determinados bens e servizos básicos para a cidadanía por mor da guerra en Ucraína e outros factores exógenos.

Como resposta eficaz, eficiente e contundente, o coñecido como "pacto de rendas" é un instrumento fundamental para paliar as consecuencias da inflación como principal ameaza europea e española. Estas consecuencias deben ser repartidas equitativamente.

Ademáis das medidas adoptadas polo Goberno do Estado sobre o transporte, a revalorización das pensións e a bonificación sobre o prezo dos carburantes, os grupos do Executivo formularon unha proposta sobre a imposición ás enerxéticas e ás entidades bancarias que recadará aproximadamente 3.500 millóns de euros para repartir entre fogares e empresas vulnerables.

A proposta do Goberno de gravar de maneira extraordinaria e temporal ás entidades bancarias e ás grandes empresas enerxéticas saíu adiante no Congreso dos Deputados con 187 votos a favor, 153 en contra e 8 abstencións.

A dereita conformada polo Partido Popular, Cidadáns e Vox negouse a apoiar as medidas que axudarán a recadar uns 2.000 millóns de euros por parte do sector enerxético e uns 1.500 millóns por parte do sector bancario en dous anos. Mesmo se negaron a debatelas no Congreso dos Deputados. En suma, estes partidos limitáronse a repudiar as propostas e negaron o debate defendendo así ás enerxéticas e elites empresariais. Á vez que as entidades bancarias ven incrementados os seus beneficios grazas ás medidas adoptadas polo Banco Central Europeo coa subida dos tipos de interese, o Goberno Central propúxose que parte deses beneficios bancarios sexan destinados aos fogares e ás empresas vulnerables. Desta maneira, os bancos axudarán a mitigar os efectos da inflación que ameazan a estabilidade no noso país.

Pola súa banda, é sabido que as empresas enerxéticas contan na actualidade con beneficios extraordinarios por mor da situación bélica pola que atravesan países exportadores de enerxía e a expensas dos consumidores.

A Presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, (pertencente ao Partido Popular Europeo) declarou que "os beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan".

Dende o PSdeG-PSOE, recoñécese a necesidade inminente de defender, auxiliar e apoiar á cidadanía.

Por todo o exposto, dende o Grupo Provincial Socialista propoñemos a aprobación polo Pleno da Deputación da Coruña do seguinte acordo:

1. Apoiar a aprobación do establecemento de gravames en España e a Unión Europea de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan."

Sr. Presidente

Segunda moción presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás afectadas polo parque eólico de Vilartoxo.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás afectadas polo Parque Eólico de Vilartoxo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O impulso descontrolado e desorganizado de parques eólicos en Galicia non deixa de ir a máis mentres os impactos negativos nas actividades económicas, no medio ambiente e na veciñanza afectada son cada vez máis graves.

Como temos denunciado repetidamente, pese a sermos un país que exporta máis dun 30% da súa produción eléctrica (o ano pasado Galicia produciu un 38% máis de enerxía da que consumiu), asistimos a unha verdadeira proliferación incontrolada de parques eólicos, que non teñen como consecuencia un menor prezo da luz para os galegos e galegas, como nos correspondería pola nosa condición de país produtor; nin tampouco en xeración de emprego ou impacto económico no rural, pois non se trata dunha unha actividade intensiva en emprego nin tampouco existen políticas efectivas de redistribución das rendas xeradas á comunidade directamente afectada. Pola contra, canto máis avanzan estes parques, maiores son os danos que causan no territorio e nas xentes que o habitan.

O Parque Eólico de Vilartoxo é un de tantos casos do que vimos de comentar. Vilartoxo é un parque promovido por Green Capital Power SL. que prevé instalar 6 aeroxeneradores SG145- 4,5MW (27MW en total) cunha altura de buxe de 145m e unas palas de 71m, entre A Baña e Val do Dubra, con especial afectación na parroquia de San Román deste segundo concello.

Como en tantos outros proxectos eólicos no país, o Parque de Vilartoxo é en realidade resultado dun fraccionamento deliberado para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva. Este parque tramitouse de “xeito independente” dos de Barrosino e Troitomil, a pesar de que os tres comparten infraestruturas como a liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto. A propia promotora recoñece expresamente a existencia dun Clúster de empresas que teñen un plan industrial eólico común para esta área xeográfica, que na práctica fraccionan para evitar a participación pública nos impactos globais da totalidade do plan e minimizar os controis sobre os efectos ambientais.

O fraccionamento é só unha das numerosas problemáticas deste parque que sinala a veciñanza afectada e que están recollidas en alegacións tanto xerais como nas realizadas polo propio Concello de Val do Dubra e apoiadas por todos os partidos políticos.

As alegacións xerais foron suscritas por unanimidade en moción de apoio aos veciños afectados no Pleno do Concello de Val do Dubra en sesión de data 21 de Outubro do 2021. Estas alegación denuncian, ademais do fraccionamento, as seguintes cuestións:

- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.
- Ausencia de utilidade pública e interese social do proxecto eólico Vilartoxo. Non xustificándose debidamente o interese autonómico do proxecto.

- Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). Ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a calidade das masas de auga superficiais e soterradas e a non afección aos acuíferos.
- Afección severa e prexuízos irreversibles para humidais, brañas, diversos cauces innominados e fontes. Impacto obviado pola mercantil promotora.
- Prexuízos significativos e irreversibles para os hábitats prioritarios e de interese comunitario como o bosque autóctono
- Afección severa e incompatible coa avifauna.
- Afección severa para as familias que viven e residen nos núcleos máis próximos. Coa proximidade dalgunhas das instalacións eólicas a pouco máis de 500 metros e ao redor de 1000 persoas a menos de 2 km.
- Prexuízos significativos para as Áreas de Especial Interese Paisaxístico e afección severa ao turismo, á hostalería e ao patrimonio cultural.
- Prexuízos significativos e irreversibles para os chans e o medio ambiente.

Ademais destas alegacións xerais, foron presentadas alegacións específicas da veciñanza afectada en cada núcleo, así como unhas alegacións técnicas realizadas pola Arquitecta do Concello de Val do Dubra. Estas últimas, sinalan a falta de autorizacións de patrimonio cultural para ter en consideración as características do ámbito territorial afectado, a falta de congruencia do proxecto co establecido pola Lei do solo de Galicia, LSG, a necesaria aplicación das directrices en materia de paisaxe, a falta de detalle dos totais de volume e superficie de vías públicas municipais afectadas, a concentración dos aeroxeradores no entorno inmediato dos núcleos esgotando a distancia ata o límite e a falta de estudo hidrolóxico que valore a afección aos acuíferos.

Por todos estes motivos, a Asociación Vento Libre de San Román presentou no Parlamento de Galicia en marzo deste ano 2.322 sinaturas que expresan o rexeitamento popular ao proxecto polas “consecuencias terribles para a veciñanza”.

A petición das afectadas, a propia Valedora do Pobo pronunciouse este mes de xullo, recomendando á Consellería de Economía, Industria e Innovación que “valore a conveniencia de que se compense ás persoas propietarias de terreos non expropiados máis con afeccións polo trazado da poligonal pola depreciación a que se expoñen os seus dereitos patrimoniais, contribuíndo á socialización dos beneficios derivados da implantación dos parques eólicos en Galicia”. Parécenos unha recomendación relevante e que pon de manifesto esa necesidade de socializar os beneficios derivados da implantación de parques eólicos en Galicia.

Para coñecer de primeira man a situación deste parque reunímonos presencialmente coa veciñanza afectada. O pasado luns 19 de setembro achegámonos ao Concello de Val do Dubra e, coas persoas afectadas e a Asociación Vento Libre, visitamos a instalación prevista para Vilartoxo. Na visita, comprobamos in situ a afectación ás vivendas, á actividade económica dos concellos e ao patrimonio rupestre catalogado e o que aínda está por catalogar. Este último punto é relevante xa que están descubríndose petroglifos, mámoas e xacementos novos aínda sen catalogar, únicos no concello, e que deben ser tidos en conta.

En resumo, existe unha petición clara e transversal da necesidade de paralización deste parque. O Pleno do Concello de Val do Dubra así o ten expresado por unanimidade de todos os grupos políticos, e as sinaturas mencionadas e as diferentes alegacións presentadas xustifican e apoian esta petición.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás alegacións realizadas pola veciñanza afectada polo Parque Eólico de Vilartoxo.
2. Instar ao Goberno da Deputación da Coruña a reunirse coa veciñanza afectada así como coa Asociación Vento Libre para coñecer in situ a situación.
3. Dar traslado deste acordo ao Concello de Val do Dubra, ao Concello da Baña, ao Parlamento de Galicia e á Asociación Vento Libre.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente.

Como introdución, a título preliminar, dicir que hoxe lemos aquí unha declaración institucional no comezo desta sesión e, que eu saiba, foi aprobada a súa lectura sen que houbera un trámite previo de audiencia nin de interlocución cos representantes da frota de altura. Leuse porque os representantes políticos aquí presentes consideran que é xusta a súa reclamación. Non se exixiu, por tanto, ningún tipo de audiencia previa.

E, en segundo lugar, digo que eu tamén entendo que hai un principio da lóxica, aínda que sabemos que a política non sempre se rexe por el, que é o principio de coherencia, o de non contradición; é dicir, que eu entendo que as posicións que defenden os partidos políticos aquí presentes sobre este asunto serán as mesmas en calquera dos niveis administrativos. Supoño que o Partido Socialista, o BNG ou o PSOE terán a mesma opinión sobre o que se vai hoxe debater aquí nesta Cámara, como no Parlamento de Galicia, como no Concello de Val do Dubra –xa imos entrando na cuestión– onde unha moción que vén pedir basicamente o mesmo que pedimos nós aquí nesta, que é o apoio ás alegacións presentadas pola Asociación Vento Libre contra o parque eólico de Vilartoxo, foron aprobadas por unanimidade. Era unha moción aínda máis, eu creo, exixente ca esta, pedía tamén apoiar a paralización. Eu entendo que as forzas políticas que manifestaron o seu apoio a esta moción en Val do Dubra hoxe se manifestarán aquí no mesmo sentido, e aquelas que o fixeron ademais tamén no Parlamento, en coherencia con esa posición, hoxe tamén defenderán aquí esta moción, que vén pedir –xa o comentei antes– basicamente o apoio ás alegacións presentadas pola Asociación Vento Libre que, basicamente vén denunciar o que tantas veces xa debatemos neste mesmo pleno: que estamos ante unha actuación, neste caso promovida por Green Capital, que pretende instalar 6 aeroxeradores de gran formato, de 250 metros de altura en total, baseándose nos requisitos que require unha lei obsoleta, que permite que este tipo de instalacións estean situadas a 500 metros de casas habitadas, e que eles desde logo, senten con

toda a lexítima razón, como unha agresión contra as súas vidas, contra o seu territorio, contra a paisaxe e contra os seus patrimonios.

(Abandona o salón o Sr. Castrillón Permuy)

Por certo, esta denuncia que eles fan é tamén amparada pola Valedora do Pobo, que nun dos seus informes os ampara dicindo que, efectivamente, eles lexítimamente pensan que, tanto a instalación destes grandes muíños de vento como as súas liñas de evacuación, van afectar os seus patrimonios.

Tiña antes recollido, non o lin, no comezo da miña intervención un par de frases que dicían os representantes desta asociación, de Vento Libre cando fomos visítalos, que dicían: din que lles preocupa o rural galego, pero isto non casa con esa preocupación polo rural galego.

E despois tamén dicían que sobre este debate de eólicas si, transición enerxética si ou non, dicían: se nos deran o que nos tiñan que dar, seguro que hoxe non estabamos aquí falando. Non estamos falando –parece, non?– unicamente da transición enerxética, senón de quen vai ser o que se lucre con ese cambio: van ser os de sempre, van ser os que estaban na moción anterior implicados, as enerxéticas, o banco neste caso non, ou vai ser o conxunto da sociedade a que saia beneficiada desta transición enerxética? Porque podería ser unha medida que favorecese a viabilidade do campo galego, podería ser unha medida na que non se pagase unicamente un 1,8% do que se calcula que vén sendo o proveito anual da xeración enerxética en Galicia; se se revertese realmente unha cota superior, un 20%, non estaría eu hoxe aquí defendendo esta moción, non habería con quen falar. Estamos cun problema que non é de onde procede a enerxía, senón quen queda cos beneficios desa produción. Eu creo que para todos é evidente que o que están pagando pola vía da expropiación dos montes é unha miseria comparado co tremendo negocio de quen despois explota ese vento que é de todos.

Fago relación das súas alegacións, que empezan denunciando unha práctica xa habitual, que é a do fraccionamento, que vén ser tamén recoñecida pola propia empresa cando di que efectivamente existe un clúster para xestionar de xeito conxunto a evacuación deste parque eólico. As súas alegacións din o seguinte: vulneración flagrante da Directiva comunitaria relativa á conservación de hábitats naturais e da fauna e flora silvestres; afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos; vulneración flagrante da Directiva marco da auga; ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a calidade das masas de auga superficiais e soterradas e non afección aos acuíferos; afeccións severas e prexuízos irrevésibles para humidais, brañas, diversas canles innominadas e fontes (impacto obviado pola promotora); prexuízos significativos e irrevésibles para os hábitats prioritarios e de interese comunitario como o bosque autóctono; afección severa incompatible coa avifauna; afección severa para as familias que viven e residen –ese é o bloque máis importante– nos núcleos máis próximos, coa proximidade dalgunhas destas instalacións eólicas a pouco máis de 500 metros e arredor de 1.000 persoas a menos de 2 km, a pouco máis de 500 metros dunha torre de 250. Prexuízos significativos para as áreas de especial interese paisaxístico e afección severa ao turismo, á hostalería e ao patrimonio cultural. Eu creo que aquí conviña repasar o

acontecido coa proposta de tratar de converter a Ribeira Sacra nun patrimonio da humanidade que foi precisamente o ICOMOS que no seu informe foi moi contundente no que tiña que ver no impacto paisaxístico de infraestruturas como son estas dos parques eólicos. Prexuízos significativos tamén irreversibles para a paisaxe.

Esta asociación, Vento Libre de San Román, recolleu máis de 2.000 sinaturas. A súa proposta de moción foi aprobada por unanimidade no Concello de Val do Dubra –como dixemos antes–, aínda que tamén recibiu apoios de representantes políticos do PSOE e do Partido Popular doutros concellos lindeiros, como o da Baña ou de Santa Comba, porque finalmente estamos no inicio do que vai ser un megaparque eólico situado neste val onde se pensa que poden chegar a instalarse ata 57 aeroxeradores de 250 metros.

Tamén o que comentaba antes o informe, da Valedora do Pobo, que está incluído nesta moción, e que di o seguinte: “Valore a conveniencia de que se compense as persoas propietarias de terreos non expropiados mais con afeccións polo trazado da poligonal pola depreciación á que se expoñen os seus dereitos patrimoniais contribuíndo á socialización dos beneficios derivados da implantación dos parques eólicos en Galicia”. Disto, da socialización dos beneficios, tamén falabamos na moción antes referida á banca, estamos falando neste caso, estamos ante un modelo privativo de explotación dun recurso público como o vento, que debería ser de todos. Se temos que explotar, se temos que ir a unha transición enerxética, fagámolo, pero que non sexa, insisto, unicamente o negocio duns poucos.

Exposto todo o anterior, basicamente imos a unha relación de 3 puntos para aprobar, que insisto en que son unha proposta de mínimos. Non se lle pide a esta Cámara que se manifieste contraria á implantación do propio parque, senón unicamente: . Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás alegacións realizadas pola veciñanza afectada polo parque eólico de Vilartoxo.

En segundo lugar, instar o Goberno da Deputación da Coruña a reunirse coa veciñanza afectada, así como coa Asociación Vento Libre para coñecer *in situ* a situación.

Por último, dar traslado deste acordo ao Concello de Val do Dubra, ao Concello da Baña, ao Parlamento de Galicia e á Asociación Vento Libre.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días, compañeras y compañeros de Corporación.

A la vista de la exposición del señor Lema, se ha ido un poco más allá de lo que debatimos igual en esta moción. Ha hecho un poco una interpretación, una valoración sobre los parques eólicos en sí mismos, o la conveniencia o no de implantarlos. Pero vamos a hablar en este caso de lo que nos afecta aquí, que es del parque de Vilartoxo y un poco de las inquietudes que los vecinos de Val do Dubra, A Baña y Santa Comba puedan tener, que nosotros evidentemente podemos compartir

con ellos sus preocupaciones, podemos apoyarlos en sus justas o no reivindicaciones, y no seremos nosotros los que creo que debemos dirimir si esas alegaciones tienen motivo o no lo tienen, porque evidentemente tendrán que ser los órganos competentes los que respondan a esas alegaciones.

En consecuencia, yo creo que, cuando un parque se tramita, que legalmente está obligado a que esa tramitación se proceda, no quiere decir eso que se vaya a autorizar. Entonces, nosotros tener que decirles a aquellos técnicos que tienen que hacer los informes preceptivos, lo que está bien y lo que está mal me parece que es jugar a ser lo que nosotros no somos. Entonces, cada uno tiene que tener en este caso las funciones que le competen.

Respecto a este tema, este tema fue tratado en el Parlamento de Galicia, ustedes no tienen representación parlamentaria pero el resto de los grupos de aquí, Alternativa tampoco, los demás saben que en el Parlamento de Galicia en mayo ya se les dijo, respecto al parque este, que la propia Administración se puso en contacto con las empresas para decirles: oiga, primero de todo hay dos mámoas que se han localizado y, en consecuencia, tienen ustedes que validar el proyecto, inicialmente ya. Y, en segundo lugar, también valorar el impacto acústico de este proyecto. Hace usted mención a que con el fraccionamiento del parques evita que haya evaluaciones de impacto ambiental. No, no, que haya un parque próximo que esté autorizado no quiere decir que el siguiente parque no tenga que ser sometido a información ambiental, sí tiene que ser sometido a información ambiental. A lo mejor es que usted lo desconocía y es así.

Nosotros en esta moción, primero, toda la sensibilidad con nuestros compañeros de Val do Dubra, con el alcalde de Val de Dubra, sabíamos que se tramitó esto allí, sabíamos el sentido del voto y, en consecuencia, actuaron en conciencia; y nosotros también vamos a actuar en conciencia aquí diciendo que no somos los que tenemos que presuponer qué tienen que valorar los técnicos de la Administración, porque tenemos plena confianza en los técnicos de todas las administraciones. En consecuencia, nosotros nos vamos a abstener esperando que la decisión que se tome en este parque sea la mejor para todos y para todas las vecinas de la zona, gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós antes de comezar o Pleno trasladamos unha proposta de emenda baseada nunha cuestión máis de forma que de fondo. Nós podemos compartir de fondo a preocupación deses veciños e veciñas ante o que vostede nos explica, porque nós non o coñecemos de primeira man, e por tanto non habería ningún problema por apoialo; pero nós entendiamos que, tendo en conta que no primeiro punto se solicita que dende a Deputación se exprese o apoio a esas alegacións e no segundo punto se propón que a Deputación nos reunamos con esas persoas e cos seus representantes para coñecer cal é a situación do parque, pois entendiamos que igual había que empezar polo segundo punto e non polo primeiro.

Nesa liña ía a nosa emenda; é dicir, oia, o que propoñemos é eliminar todos os puntos e solicitar da Deputación que se reúna, a través dos voceiros dos distintos

grupos, con representantes deses veciños e desas entidades para coñecer de primeira man cal é a casuística e as características dese parque e as emendas por eles presentadas de forma pormenorizada, e a partir de aí adoptar unha postura. Pero facelo antes de, non nos parecía que fose o lóxico.

Por iso nós non podemos votar a favor da moción e tampouco abstermos porque, se nos abtemos, sairía adiante. E non é que esteamos en contra da moción e seguramente haberá alguén no seu grupo, non vostede, ao que lle guste esta postura que estou a presentar agora mesmo, pero entendo que é a responsable e xa anuncio –fágoo aquí publicamente para que quede claro– que imos convocar eses veciños e imos convocar os representantes desas entidades para que veñan á Deputación, nos expliquen cal é a situación dese parque e a problemática que está a xerar, e a partir de aí adoptaremos unha decisión. Se, efectivamente, se constata que todo iso que nos acaba vostede de relatar, que non teño por que dubidalo, pero si nos gustaría coñecer, como digo, de forma máis pormenorizada, non haberá ningún tipo de problema para que nós apoiemos esa moción. De feito, os nosos compañeiros no Val do Dubra apoiaron esa moción, por que?, pois porque teñen un coñecemento desa situación que nós non temos. E, por tanto, por responsabilidade e seriedade, entendemos que debemos, primeiro, saber do que estamos a falar e, despois, apoialo ou non. Neste caso, como digo, se se confirma o que vostede di, apoiáremolo, e quero que quede claro e por iso o estou a dicir aquí para que quede reflectido na acta, e imos convocar eses representantes dos veciños e das entidades para escoitalos e poder ter un coñecemento máis exhaustivo desa problemática e tomar unha decisión sobre a postura a manter a ese respecto, que, repito novamente, se é a que vostede traslada, non creo que haxa ningún tipo de problema.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Un pouco, logo de escoitar, a ver, coñecemos, efectivamente, que os procesos de planificación e implantación de ningún parque eólico son inocuos para a xente que vive nos territorios. Evidentemente, neste primeiro proceso, cando se abre este proceso para a presentación de alegacións, estou segura, sen coñecelas de primeira man, que estarán feitas atendendo á realidade, ao impacto e con rigor, pero tamén si que é verdade que como institución, como goberno, parece o máis razoable proceder pois a esa primeira fase de reunión e contacto coa veciñanza afectada e coas asociacións que os representan.

Daquela, logo de escoitar a intervención de todos os grupos, case me parecía razoable a proposta de deixala enriba da mesa, ter a oportunidade de reunirmos como institución, falar coa veciñanza e proceder, efectivamente, a esa valoración de expresar publicamente o noso apoio como institución ás alegacións tendo o coñecemento que se debe.

Deixando xa como grupo expresado que, efectivamente, existe un impacto que afecta á vida, que evidentemente o modelo que se está aplicando a día de hoxe para o desenvolvemento dos parques eólicos non é o máis xusto, nin tanto na maneira de quen recibe, como se negocian, e o impacto que teñen pois o beneficio da explotación

do noso vento, pero si que parece que o xusto sería agardar a ter ese primeiro contacto con esta xente, poder falar con eles e logo ter a oportunidade de valorar esas alegacións, non?

Sr. Lema Suárez

Ben, moitas grazas.

Finalmente, cadaquén vaise posicionando onde toca. Eu creo que tamén, compañeiros, despois hai que explicar o que aquí se vota, despois hai que aguantalo, hai que dar a cara e hai que dicirlle á sociedade de que lado se está e con quen se está e por que se está onde se está. Estou seguro de que inmediatamente despois de que esta moción non sexa aprobada, os representantes do Goberno chamarán –dou por feito iso–, chamarán a xente de Vento Libre para reunirse con eles, estudar as súas propostas e, probablemente, estou seguro, de que igual que pasou co compañeiro do Partido Socialista de Val do Dubra, entenderán vostedes e coa compañeira do Bloque Nacionalista Galego que levou esta proposta ao Parlamento de Galicia, entenderán vostedes que son reclamacións xustas e traerán aquí incluso unha moción máis de máximos que esta, no pleno de novembro e votaremos todos a favor. Entendo, basicamente, reconstruíndo os feitos a futuro, facendo un pouco de augur ou de profeta, que vai ser o que suceda.

Estou seguro de que non vai suceder, tampouco se reuniron aquí vostedes cos representantes da pesca para falar da cuestión do parque eólico Nordés, situado a 30 km da costa da Coruña, de Arteixo, tamén se probou nunca se levou a efecto esa xuntanza. É unha mágoa.

Empezaba dicindo na presentación da moción que nós viñamos de aprobar, de ler unha declaración institucional de apoio á pesca de altura galega sen que eu saiba que antes nos reunísemos con representantes do sector para saber se as súas reclamacións son xustas ou non son xustas. Fixémolo porque creo, a través dos medios de que cada un dispón, estamos máis ou menos informados e sabemos que será moi lesiva para o sector pesqueiro galego esa medida e posicionámonos aí, cadaquén cos medios dispoñibles para formar a súa opinión. Eu entendo que aquí é máis doado aínda formarse unha opinión respecto diso, por unha cuestión de proximidade. Ao mellor non todos nós sabemos falar lituano ou temos acceso ao comisario de pesca europeo, porén creo que todos nós temos un acceso doado aos representantes políticos ou veciñais do Val do Dubra, e tamén da Baña, e tamén de Santa Comba, que nos contan un pouco como ven as cousas. Creo que ese era un trámite moi doado de facerse antes de que se trouxese aquí este debate para formarse unha opinión.

Entón, vexo que basicamente cadaquén politicamente toma decisión, por suposto a coherencia e o principio de non contradición queda para outra ocasión, un partido político pode ter, e iso contribúe ao desprestixio da política pero non pasa nada, opinións distintas nun concello, nunha asociación de veciños, no Parlamento do Estado ou no Parlamento galego. Eu a verdade é que non acabo de compartir esta praxe –insisto, eu creo que contribúe ao desprestixio da clase política– pero dá igual, son xa case, case, formas de proceder. Sorpréndeme e agradezo a posición do

Partido Popular, eu a verdade que tamén confío completamente no criterio dos técnicos da Xunta; discrepo en que a lei que teñen que aplicar sexa a correcta. Xa se ten debatido aquí tamén sobre esa lei; desde logo non compartimos o modelo e pensamos que ten que haber outro modelo, pensamos que hai xurisprudencia que xa se está creando a partir de casos que chegaron ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, como a sentenza do Iribio, onde di basicamente que as administracións non poden tolerar que se siga implantando este modelo de explotación do vento e que ten que haber participación pública, que ten que haber retorno no territorio, non vou abundar máis nese tipo de argumentos que xa foron debatidos, anuncio que no futuro serán debatidos novamente nesta Cámara, pero, en todo caso, paréceme unha posición, se se quere, intelixente. O Partido Popular di que é unha cuestión técnica, que apoia a moción e punto. Ben, está ben.

O Partido Socialista co voto contrario certamente sorpréndeme un pouco máis; porque en realidade, se vostedes deixan pasar esta moción, comprométese a prestar apoio a unhas alegacións que poden ou non –eu auguro que algunhas si e outras non– ter resultado positivo pero..., e ademais comprométese a falar cunha serie de persoas, probablemente algunhas delas máis afíns a vostedes do que vostedes pensan, nun prazo de tempo indeterminado. Pero vostedes escollen a posición dura de posicionarse en contra, entendo que todo isto ten que ver ademais coas carreiras que se aventuran cara á Xunta de Galicia, ou con outros debates que exceden, creo, o que aquí se comenta. Paréceme ben que cadaquén escolla as súas alianzas; agora, certa competencia que se delata aquí de amizade, afinidade ou cando menos de non alterar o pulso, non levarse mal cos promotores grandes e pequenos do sector enerxético en Galicia, certamente, non me parece, compañeiros e compañeiras, a mellor maneira de ofertar unha proposta política alternativa á do Partido Popular. Pero desde logo aquí tampouco son eu ninguén, ningún estratega do Partido Socialista nin do BNG, iso será cousa súa.

Pero en último lugar dicir que eu entendo a posición do Partido Popular, paréceme intelixente, insisto; a do Partido Socialista non a comparto, tampouco a comprendo demasiado, creo que realmente van vostedes, creo, mal encamiñados mantendo esta dobre linguaxe; e tamén aos compañeiros do BNG, vostedes levaron unha moción ao Parlamento galego na que pedían a paralización do parque, non pedían o apoio ás alegacións, pedían a paralización do parque, e aquí hoxe tamén se van abster, segundo din vostedes por unha cuestión institucional, de orde das cousas: primeiro, reunirse e despois aprobar, ben, moi ben, está ben, cadaquén hoxe toma aquí a posición que toma, nós seguimos estando do lado dos veciños aquí e onde faga falta.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu nunca quero intervir, pero ao final non me queda máis remedio que intervir. Xa sabedes que eu son moi crítico coas intervencións, que ás veces son larguísimas; está claro que este é un foro para debate. Pero teño que intervir.

Levamos dicindo, e agora levamos uns anos e meses onde as eléctricas son

as mafias máis grandes que hai no país español e no mundo. Os grandes magnates que teñen o poder total dos países, xogan cos gobernos como se fosen títeres; e, claro, vimos aquí cun problema das eléctricas, vimos aquí cun problema con outro sistema de explotación, que non digo que non faga falta buscar fórmulas para ter a enerxía, pero todos sabemos que estas son mafias, mafias auténticas que campan ás súas anchas polos montes galegos, que fan e desfán, cortan corredoiras, aproxímanse ás casas, poñen liñas eléctricas por riba das vivendas, inutilizan montóns de terreos por todo o país, non indemnizan a ninguén, pagan unhas expropiacións miserentas, e logo eles enriquecéanse, pero iso esquecémonos de que estamos denunciando continuamente agora en España e en toda Europa a situación destes monopolios tremendos.

E aquí vimos, eu ao que se está tratando hoxe aquí non lle vexo ningún problema, é un tema de veciños que denuncian unha situación de abuso, de despropósito, e non lle vexo cal é o problema para votar en favor deses veciños. Dise: "non, os técnicos teñen que informar, xa informaron uns técnicos". Pero, miren vostedes, cando se montou esa empresa, non sei se lle chaman Sogarisa, no norte, non sei o municipio como lle chaman, na zona de Ferrol por aí arriba, cerca das Pontes, como lle chaman, presidente, ao municipio ese onde está? As Somozas, nas Somozas montouse aí unha empresa para tratar residuos tóxicos e non se tratan residuos tóxicos. Alí lévanse, cóbrase por levalos e punto, almacénanse e logo pois un día arde unha fábrica, outro día... O das rodas, os que collen as rodas por toda España, todas esas empresas arderon, todas, e as que tiñamos aquí en Galicia arderon, cando están saturadas préndenlle lume e despois aínda cobran indemnizacións polo lume e volven montar outra vez a empresa. É un escándalo.

Por tanto, eu vou votar a favor desta moción, porque o único que está dicindo aquí é apoiar os veciños, non?, que denuncian unha situación, como digo, de abuso total.

E, xa digo, non me veñan cos técnicos, porque son os técnicos os que informan... A planta que está aquí de residuos na Coruña, no porto da Coruña, no porto de Oza non tiña que estar, e está; o Concello da Coruña calado, a Xunta calada e non pode haber unha planta de residuos tóxicos dentro do porto pesqueiro da Coruña, porque non é o sitio ideal para ela. Pois está aí, pero ninguén di nada, ninguén di nada, non se elimina. O día que estean cheos os tanques que teñen aí ábrenlle a billa, como fixeron no seu día, ou levábano á rede de sumidoiros de Oleiros para volver á ría outra vez en tanques. Tremendo! Non me falen de técnicos, non me falen... Esas empresas teñen un poder de prata, que "jode y mata" como di o outro, e fan o que lles dá a gana no país. Por tanto, eu vou votar a favor desta moción.

Sr. Ben Otero

No quería hacer gran mención a lo que dijo ahora el señor García Seoane porque, no sé, yo a veces estoy con los amigos en foros fuera de la política y cada uno dice lo que le parece y a veces esto me recuerda un poco a eso; cada uno, usted tiene su público, así lo acredita electoralmente y yo le respeto por ello y respeto profundamente a quien le vota, no tenga la menor duda. Pero le voy a decir una cosa: cuando usted hace esa alusión a los técnicos como tal, yo veo aquí a muchos

alcaldes y por lo que yo sé casi todos los alcaldes que están aquí, casi todos tienen sus habilitados nacionales, y les respetan y siguen la indicaciones de ellos porque así debe ser, casi todos, casi. Y lo que dicen los técnicos, oiga, si nosotros no somos los que respetamos el dictamen que hacen los técnicos, pues entonces eso viene a indicar o viene a parecer, o quizás se pueda traslucir que en Oleiros se hace lo que dice el *one* y lo demás pues es lo de menos. Pero bueno no quiero entrar en ese debate porque nos estamos yendo de eso y nos preocupan otras cosas.

Yo al señor Lema le quería decir que hay una serie de decisiones que la Xunta de Galicia ha adoptado en los últimos tiempos, que creo que han mejorado la claridad en estos temas, y hay dos en concreto que son interesantes: primero, es la moratoria de año y medio en vigor desde el año 2022 para tramitar con las máximas garantías; y, segundo, es la diferencia en las distancias a las casas, que ha pasado de ser de 500 metros a 5 veces la altura del aerogenerador, con lo cual, viendo estas alturas, la distancia se va a incrementar mucho más, con lo cual las posibles o seguras molestias que pueda haber se van a minorar bastante.

Después también hay otra serie de cuestiones que la Xunta ha puesto en vigor y yo creo que hay que poner en valor, que son la red de información provincial a los ayuntamientos y la oficina de información a los propietarios de los terrenos donde tienen instalados los proyectos. Yo creo que esto es importante. Y luego hay un dato también que creo que no debemos olvidar, que es que tramitar, como dije antes, no es autorizar, y la prueba es que en los últimos años se rechazaron, se les dijo que no categóricamente a 150 proyectos en Galicia que suponían 7.500 megavatios. En consecuencia, yo sigo creyendo en la democracia, sigo creyendo en los técnicos, para eso están, y sigo creyendo profundamente en que cada uno tiene que ocupar su papel y respetar el papel de los demás sin pensar que uno siempre tiene la verdad absoluta y que todos los demás somos unos presuntos ignorantes o que no tenemos trayectoria de nada, y no sé, esa condición mesiánica de algún veterano, está bien, pero, oiga, ya todos también peinamos canas, por desgracia cada vez nos hacemos menos jóvenes.

Gracias.

Sr. García Seoane

En Oleiros teño os mellores técnicos de España e son os que contribuíron a facer o Oleiros que hoxe teño construído, son os que axudaron a facer o concello que hoxe teño; a min tocoume... –perdón, déixeme falar home, déixeme falar–. Eu teño uns técnicos... e seguro que hai técnicos moi bos por todos os sitios, e nesta casa, pero hai técnicos que son corruptos, hai técnicos podres e hai técnicos que son os que permiten que se monten cousas ilegais. Claro, iso é o que estaba dicindo eu. Vostede non fale, non meta nun saco todo o mundo. É igual que cando din: os políticos son todos uns corruptos. Os que sodes; non eu non. Digo os que o din. Os políticos son todos uns corruptos; os que o din serán eles, eu non son corrupto. Por tanto, e de que estamos falando. Non me veñan vostedes con bolivarianos, e toda esa.... non me veñan tamén con ese rollo, nada máis que me faltaba iso.

O tema é que eu teño un bo corpo técnico e funciona o concello, e aquí seguro

que os hai tamén e coñezo bastantes aquí nesta casa, e noutros sitios igual, pero hai técnicos que son corruptos e que son os que permiten todas esas falcatruadas; se non, non se podían dar, porque un político non é quen para levar adiante un proxecto de determinadas condicións se non ten o técnico de quenda que o vote. Pero, se o técnico de quenda se deixa corromper, a cousa vai mal. Iso é o que, non confundan vostedes todo o tema. Por tanto, en Oleiros, *one*, o número un son eu, pero teño unha Corporación marabillosa e teño un corpo técnico de puta madre.

Sra. Muíño Filgueira

Retomando a cuestión que nos ocupa, que é a moción, quería apuntar varias cousas. Primeiro, cando na miña intervención fago a mención a que hai un punto 2, no que se insta o Goberno da Deputación da Coruña, e entendo que as persoas que representamos aquí os diferentes grupos, a ter un encontro coa veciñanza e coa Asociación Vento Libre, e, logo de escoitar as intervencións nas que por parte de todos os grupos tamén quedou en evidencia a sensibilidade cara ás demandas veciñais, parecía o máis oportuno centrarnos nese punto 2 e fixar unha data de reunión para ese encontro e, *a posteriori*, ser quen de levar adiante un acordo de respaldo a esas alegacións e reclamacións xustas da veciñanza. Non obstante, parece que o que queda claro é que a intención, logo de todo, é distanciarse ou poñer en cuestión o posicionamento, cando menos, efectivamente do BNG en relación, primeiro, ao modelo eólico vixente. Creo que o posicionamento do BNG é claro, está a favor da produción enerxética limpa, pero cuestiona e exige un cambio de modelo no que a produción enerxética derive en beneficios cara ao país e non en engordar ata o infinito os bolsos das enerxéticas.

Tamén é verdade que, como grupo, estamos ao pé dos veciños e veciñas afectados a nivel local. O que se pide aquí é ter a oportunidade de coñecer de primeira man estas afectacións e brindábase a oportunidade, e daquela eu creo que tamén é verdade que como puntualización dicir que en ningún momento se debateu unha moción na que o BNG existise que se retirase este parque eólico. Si que é certo que respecto a esa cuestión houbo preguntas no Parlamento, pero non esta outra cuestión. Entón, mantémonos na abstención en relación con esta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade, señor Lema, é que me sorprende para mal a súa intervención, non está á altura, nin de vostede nin da súa capacidade oratoria nin política. Eu penso que ás veces tendemos a impoñer sobre os demais aquilo do que pecamos nós mesmos, e unha das cuestións que vostede dicía era que se esta é a postura do meu grupo, que vou volver explicar por se vostede non a entendeu, aínda que o considero suficientemente intelixente e atento cando interveño como para entendela, por tanto xa traía unha intervención vostede mastigada e cociñada con anterioridade, sobre algo que eu non dixen en ningún momento. Dicía vostede que igual esta decisión do meu grupo tiña que ver con carreiras cara á Xunta, etcétera, etcétera. Penso que precisamente a postura que vostede mantivo hoxe aquí non ten coherencia coa que mantivo en plenos anteriores, se debe máis quizais a esa carreira electoral na que estamos todos e todas de cara ás eleccións municipais.

Pero, mire, permita que lle diga unha cousa: a postura do meu grupo é a postura que me dá, porque esta decisión tomámola entre os compañeiros do grupo, e que nos ofrece a seriedade, tomar as cousas con seriedade. Falaba vostede de que aquí se aprobou unha moción sobre o sector pesqueiro e que non se falou con el. Non falaría vostede; eu estiven reunido co sector pesqueiro, o meu secretario xeral e tamén presidente desta Deputación estivo reunido co sector pesqueiro. Por tanto, antes de traer esa moción sabíamos perfectamente cal era a casuística.

Aquí tróuxose unha moción, non sei se vostede ten pouca memoria e non o lembra, pero lémbrolla eu, por exemplo de Pena do Corvo, en Monfero, que se apoiou por parte deste grupo, por que?, porque tiñamos un coñecemento de cal era a situación e a proposta dese parque eólico e nós posicionámonos aquí en contra del. Dícialle, e fíxeno a propósito para deixarlle a vostede unha saída. Dixen, a ver que postura trae hoxe, a de alguén responsable, que é o que vén sendo habitualmente, ou se deixa levar polo posicionamento dalgunhas persoas un pouco máis extremas e posicionamentos máis extremos dentro do seu grupo. Desgraciadamente optou pola segunda opción, porque lle dixen: sei que seguramente no seu grupo haxa xente que estean contentos de que adoptemos esta decisión do posicionamento do noso grupo fronte a esta moción de votar que non. Vexo que, ao final, vostede é unha desas persoas que tamén está contento.

E xa falei algunhas veces desa hipocrísia ecoconsumista, e imos empezar a falar de coherencia. Mire: antes de que os partidos sexan coherentes, porque os partidos fórmanos persoas, os que temos que ser coherentes somos as persoas, iso é o máis importante de todo. Vostede e eu antes de entrar a este pleno comunicámonos a través dun teléfono móbil, que ten moitos compoñentes como o níquel, como o cobre, como o ouro, platino, prata, etcétera, que saen de minas, de minas que contaminan de minas que estropean a paisaxe, de minas que ademais están en países terceiromundistas, onde se escraviza as persoas que traballan alí e incluso traballando nenos, pero, claro, se están en África ou en Asia, como non as vemos, con facernos socios dunha ONG xa temos cuberto un pouco o tema moral. Pero, claro, vostede ten teléfono móbil e ese teléfono móbil para que funcione hai que engancharlo nunha cousa que se chama enchufe, que está conectado coa rede eléctrica e que trae electricidade dende un punto onde se produce esa electricidade, que ou ben é unha central térmica, unha central hidráulica, unha central nuclear, enerxía eólica, etcétera, etcétera. Polo tanto vostede quere un teléfono móbil que quere utilizar e quere ter enerxía para poder utilizalo, e a enerxía ten que saír dalgún sitio, e a min non me gusta –e xa o dixen en moitas ocasións– esa defensa de todos contra os parques eólicos que promove vostede porque non estou de acordo. Hai parques eólicos que teñen que estar, e que están ben onde están e hai parques eólicos que non poden estar e que non están ben, e ese é o posicionamento do meu grupo, non do seu. Porque o meu grupo xa dixo publicamente en moitas ocasións que había dúas liñas que eran irrebables: a primeira a proximidade ás vivendas e ao sector primario, e a partir de aí empezamos a falar. Por tanto, faga vostede o favor de non terxiversar o que se está a dicir e non manipular o que foi a miña intervención.

Na miña intervención en ningún momento falei deste parque eólico nin de se era malo ou se era bo, porque o descoñezo. O que dixen era que o serio era deixalo sobre a mesa e que se podería votar no pleno que vén, que problema hai con votalo

no pleno que vén?, despois de reunirnos con esta xente. Se quere, dígolle agora data día e hora para vernos con ese colectivo, non teño ningún inconveniente, agora mesmo aquí diante de todo o mundo. Agora, que pasa?, que vostede está encantado e o seu grupo de que votemos que non, porque así poderá dicirlles aos veciños iso que acaba de dicir, que non ten nada que ver coa realidade, e é que este grupo está en contra do seu posicionamento ou que non os apoia as súas reivindicacións. Non, este grupo o que di é que as descoñece, e como as descoñece prefire sentarse con esta xente para coñecerlas e despois ter un posicionamento, que iso é o serio. Porque entendo que vostede, se trae aquí esta moción é porque sabe desas alegacións, entendo, non llas pasaría ninguén, entendo que as lería e que sabe de que van. Pois por iso as trae. Pero, como nós non tivemos esa opción de lelas nin de coñecerlas, por iso dicimos que era mellor deixar isto sobre a mesa e debatelo no pleno seguinte. E tería vostede seguramente, case me podo aventurar, o 80%, o voto favorable do meu grupo, pero a vostede non lle interesa, non lle interesa porque o que me parece que denigra a política é ese mercantilismo electoral de, cando chegan unhas eleccións, aproveitar o problema do cidadán para ver se arrimo a ascua á miña sardiña e levo algúns votos, e se aínda por riba os levo á custa de dicir que o PSOE non apoia estes pobres veciños que están loitando contra unha enerxética que os ten sometidos, cando iso non se dixo aquí en ningún momento. Entón, paréceme inapropiado e paréceme, sobre todo, impropio de vostede, que ten bastante máis nivel que para rebaixarse a facer este tipo de política que non é a habitual na súa persoa como voceiro nesta Corporación.

Entón, leccións de coherencia aquí penso que ninguén está para darllas a ninguén. E, repito, empecemos a ser coherentes a nivel persoal, porque haberá quen non teña teléfono móbil, pero ten aire acondicionado no despacho, e ese aire acondicionado tamén leva un montón de compoñentes que saen de minas e que saen de moitos sitios; entón, se queremos ter aire acondicionado, se queremos ter teléfonos, temos que ter minas, temos que ter industria e temos que ter empresas que xeren enerxía, e a forma de xerala, polo menos a menos contaminante a día de hoxe, é cos parques eólicos. Se prefire vostede a térmica, pois outra cousa; ou se prefire vostede a nuclear, ou a hidráulica, que tamén estropea os cursos dos ríos. Porque aquí estamos en contra, polo que di vostede, escoitándoos, de absolutamente todo –xa postos a manipular–, de absolutamente todo, pero todos queremos vivir con comodidades. Entón, empecemos sendo coherentes con nós mesmos e, despois, cando o sexamos igual podemos darlles leccións aos demais, pero non penso que ningún dos que estamos aquí sentados esteamos a día de hoxe nesa tesitura, non chegamos aínda ao nivel para poder dar leccións aos demais sobre coherencia e menos nun tema estratéxico para un país como este. Porque, claro, cando despois pecha unha empresa somos os primeiros que vimos aquí apoiar os empregados desa empresa porque claro... Si, pero Galicia este trimestre foi a comunidade autónoma onde máis caeu a produción industrial. E, se cae a produción industrial en Galicia é por algo, señor Lema, non é unha casualidade.

Entón, imos ser un pouquiño máis serios todos e todas e, home, cando eu digo aquí que o que imos facer é votar que non para poder reunirnos con esa xente e despois definir o noso posicionamento, iso é o que estou a dicir, non o que dixo vostede, que non ten nada que ver. Así que, por favor, prérgolle un pouquiño máis de seriedade e que non manipule vostede o que eu acabo de dicir, porque nada ten que

ver. E xa vexo que alguén cae na súa trampa, porque o señor Seoane, á vista da súa intervención, tamén pensa que nós estamos en contra desa xente, porque, senón non a faría; el mesmo acaba de dicir que non a tiña pensado facer. Por tanto, xa lle funcionou con un, e por iso a miña intervención agora, para deixar claro cal é o posicionamento do meu grupo e pedirlle a vostede que non manipule. Así que, se fai o favor, a partir de agora cinxámonos ao que estamos dicindo aquí, non ao que tiñamos preparado para intentar despois venderlles a milonga a uns veciños como: mira os do PSOE que malos que non nos apoian, porque iso non coa, e non llo admito a vostede nin a ninguén como voceiro deste grupo, porque non é o que falamos, non é o que se falou neste pleno, non é o que dixen eu. É o que vostede tiña pensado dicir ou preparado dicir ou dentro da estratexia do seu grupo para ver –como dixen antes– se apañamos algún voto. Pero eu nese aspecto son un pouquiño máis serio e hai cousas coas que non xogo politicamente, e unha delas é esta, nin cos problemas da pesca nin con outros moitos, porque, cando este grupo trae mocións a este Pleno sobre a problemática de calquera sector, reúnese antes co sector. E, se os que están aquí as queren apoiar, ben; e, se algún grupo propón que se retire para poder falar con ese sector, xa lle digo que non vai haber ningún tipo de problema, ata o de agora iso non pasou. Se vostede non se reuniu, pois iso é problema seu e de funcionamento do seu propio grupo, e cada un establece como quere traballar, pero nós, que nos consideramos bastante serios, non o facemos así. Entón esa superioridade sempre coa que estamos, moral, en aspectos estratéxicos e enerxéticos de que uns son os amigos de... e outros son non sei canto, claro, despois cando a un lle dan un crédito cunhas condicións moi vantaxosas e compra un chalé na zona dos ricos, claro, é que el ten dereito a facelo. E aí é onde empezamos a ser tamén pouco coherentes todos, señor Lema. Entón, non imos aquí contar milongas, porque a min polo menos non me coan, e imos ser serios, que é o que lle pido.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

A ver, é complicado saber por onde empezar.

Esta moción foi rexistrada o 16 deste mes, hai 15 días. Eu non sei o tempo que necesita cadaquén para informarse dos asuntos que pasan a 40 km da Coruña, ben, algo máis, a 60 km, onde ademais vostedes no Partido Socialista teñen representantes que se posicionaron sobre este tema. Non sei canto tempo necesitan vostedes. Se vostede me di hoxe pola mañá, hai 5 horas, que imos deixalo sobre a mesa porque hai que falar do asunto, pois, home, podía vostede pedirme o mesmo hai 15 días. Eu non vou transmitir aquí transmitir o contido das conversas que non son públicas, pero digo que tiveron vostedes tempo de sobra para establecer unha posición sobre este asunto, tiveron 15 días. Non é algo estraño ou algo que pase lonxe, é algo que pasa aquí ao lado, algo sobre o que xa se posicionou xente do seu partido, e que vostedes hoxe aquí se van posicionar en contra, en contra. Non me faga vostede a min responsable do seu voto contrario a esta moción, os únicos responsables son vostedes. Se vostedes se absteñen, esta moción é aprobada; se vostedes se absteñen, esta moción é aprobada, pero vostedes van votar en contra, que é un xesto moi forte, non é un xesto banal, non é un xesto neutral, non é un xesto de deixar pasar, é unha mensaxe politicamente contundente. Vostedes están tomando

partido en contra dunha xente que está defendendo o seu territorio e as súas casas dun proxecto que realmente dana as súas vidas, dana mesmo a súa posibilidade para sacar os recursos aos que lexitimamente aspiran de algo tan común como debería ser o vento.

Entón, vostedes, o Partido Socialista, non porque Alberto Lema coa súa actuación perversa os leve cara aí; vostedes libremente e autonomamente toman unha posición clara negativa a estas persoas que defenden o seu territorio, vostedes e non eu, entón non me responsabilicen a min do que fan. Porque, se se me pide a miña opinión ao respecto, eu estou en contra do canto peor mellor. Eu, na primeira moción do día que presentou o Partido Socialista, votei a favor encantado, votarei a favor de todas as medidas que presente o Partido Socialista nesta Cámara que vaian pola progresividade fiscal, pola xustiza redistributiva, sempre. Non votarei a favor do Partido Socialista cando defenden cousas que eu non considero que vaian nesa liña, é evidente. Se non, se o Partido Socialista sempre coincidise eu co seu voto, probablemente eu militaría no Partido Socialista, pero como non milito, pois probablemente pois por iso xustifica que ás veces non esteamos de acordo, e eu recoñezo que francamente a miña importancia política é bastante menor que a do PSOE, pero neste caso non estamos de acordo e son vostedes os que libremente e racionalmente votan que non a unha moción dicindo que non están suficientemente informados sobre o seu contido cando tiveron 15 días para informarse. Iso xa está, consta en acta. Alguén ten que apertar un botón, o verde ou o vermello, van vostedes apertar o vermello, pois xa está, é cousa súa, non os xulgo, é algo no que eu non me meto.

Sobre as cuestións destas de se un ten móbil e non sei canto, mire, eu non son católico, non creo no pecado orixinal, pero estou seguro de que estou nunha parte do mundo en que efectivamente se basea nunha explotación do terceiro mundo ante a que estou en contra, por certo; e, se resulta que se os compañeiros deses países terceiros, latinoamericanos ou África ou africanos, onde fosen, loitasen pola súa liberación e por ter capacidade para unha relación comercial co norte en termos de xustiza, eu votaría por suposto a favor e apoiaríaos, se se me pregunta por iso. Pero aquí non estamos debatendo sobre o cobre de Chile, nin o cobalto do Zaire, nin os diamantes de Sudáfrica, estamos debatendo sobre o vento da comarca do Dubra, iso é no que temos que posicionarnos.

Non estamos de acordo co modelo. Indicaban os señores do PP que o modelo é o que é e os técnicos informan, o cal nesta moción en particular nin tan sequera se critica o modelo, senón simplemente se di que se apoiem unha serie de alegacións que presentan uns particulares contra unha empresa que quere instalar aí un parque eólico, e ante isto a xente posiciónase. Non me responsabilicen vostedes a min do seu voto. A moción está escrita, tiveron vostedes 15 días para informarse máis sobre ela, para levantar o teléfono e preguntar, e non o quixeron facer, e agora van votar. A min, desde logo, se se me pregunta que opino eu direi que lamento profundamente que o Partido Socialista vote en contra. Agora respéctoo, por suposto, faltaría máis; agora laméntoo profundamente. E eu, Alberto Lema, desde logo non vai quitar ningún rédito electoral disto porque o único camiño que vou coller eu cando chegue o 23 vai ser o da miña casa. Entón, eu desde logo non estou xogando a este xogo electoral, simplemente é a súa decisión, paréceme ben, respéctoa, simplemente a lamento, porque non son dos que cren que canto peor, mellor e preferiría que votasen a favor

dela.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Primeiro, a moción non se presentou hai 15 días, presentouse o venres pasado, día 23; estamos a venres. Loxicamente, facemos moitas máis cousas nesta Deputación e, ademais, todos os que estamos aquí temos outra serie de obrigas que, por tanto, non nos fan que nos poidamos interesar polos temas e que igual en 5 días teñamos toda a información. Repito, está vostede errado, non foi hai 15 días, foi o venres pasado, estamos a día 30 e foi o 23; por tanto, xa se reduce ese prazo á metade.

Repito, non tivemos tempo aínda de velo. O que non entendo cal é o problema que ten vostede porque se reciba os veciños e se adopte unha decisión informada en base ao que eles nos trasladen? Cal é o problema de deixar isto sobre a mesa ata o pleno do mes que vén? É tan perentorio?, vaise tomar unha decisión xa na Xunta de Galicia?, xa están todos os informes técnicos e de impacto ambiental elaborados e polo tanto é inminente a implantación dese parque? Ou é que vostede está buscando un titular –que me dá máis ben que é iso– en lugar da aprobación por parte da Deputación desta moción?

Di vostede: é que non me responsabilice a min do seu voto. Claro que o responsabilizo a vostede; responsabilízoo a vostede porque volve mentir outra vez e xa o digo directamente con estas palabras e en maiúscula, a mentir dicindo que nós nos estamos posicionando en contra deses veciños, e o que me estou posicionando é en contra de que vostede me impoña votar algo que descoñezo, nada máis. E eu propúxenlle a vostede deixar isto sobre a mesa e debatelo o mes que vén, e vostede non quere. Por que non quere?, porque vostede que quere o titular do PSOE vota en contra. A vostede impórtanlle un rábano eses veciños e esas veciñas, porque, se lle importasen de verdade e vostede estivese buscando aquí que houbera unanimidade dos grupos no seu apoio, non tería ningún problema en deixar isto sobre a mesa e debatelo para o mes que vén. E se quere, xa lle digo máis, diga vostede aquí agora en directo un día e unha hora para sentarnos con esa xente, fixe vostede esa data e eu comprométome e espero que o resto dos voceiros dos grupos que están aquí sentados, a estar ese día alí.

Pero non lle interesa, ese é o problema, quere vostede un pronunciamento a favor da Deputación, pero por que?, porque está pensando vostede nas eleccións municipais –ben, vostede ou o seu grupo–, no Val do Dubra, esa é a única motivación que hai detrás disto, nada máis. Porque, se o interese –repito– fora ter un posicionamento conxunto desta Deputación en contra dese parque, vostede non tería ningún inconveniente en deixar isto sobre a mesa, reunirnos con eses veciños e veciñas e aprobalo o mes que vén, porque temos tempo de sobra. Non se vai implantar pasado mañá ese parque.

Repito novamente, faga vostede o favor de non manipular o que eu digo aquí, porque o que digo é iso e esa é a motivación do noso voto, e deixei moi claro: nós

imos votar en contra porque, se nos abstemos como o resto de grupos, a moción sairía adiante co seu voto e co do señor Seoane e eu non vou votar a favor dunha cousa que descoñezo. Pero fágoo aquí neste punto e fágoo noutros moitos, porque iso chámase coherencia e chámase seriedade, o demais é andar á pesca do voto, que é algo que vostede á parte recrimina habitualmente a outros grupos, pero ás veces cóllese antes o mentireiro que o coxo, ou dime do que presumes e direiche do que careces. Neste caso queda vostede bastante en evidencia, e repito, defráudame, porque esa intervención non é de alguén do seu nivel e do nivel que vostede ten presentado nesta Deputación ao longo destes anos. Polo tanto, e se aínda por riba deixa vostede a política, pois lamento que nos últimos plenos esteamos á deriva, porque realmente non é o Alberto Lema que eu coñecía como voceiro e que caracterizaba unha responsabilidade que hoxe non estou vendo aquí.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Simplemente un pequeno apuntamento a maiores para que quede clara a postura. Habitualmente en asuntos deste tipo, non é a primeira vez nin será a última que se traen a pleno en forma de moción ou en forma de declaración institucional ás veces ou de rogos e preguntas un posicionamento dos grupos políticos respecto á promoción dun parque eólico ou de varios parques eólicos, eu recordo aquí varias ocasións. Probablemente o máis significado foi aquela promoción de parques no contorno de Ordes, dos concellos de Ordes, onde todos votamos en contra desa promoción de parques porque coñeciamos polo miúdo a tramitación. Eu creo que o que está a dicir o Sr. Fernández, a palabra seriedade neste caso, é que debe ser así. Estamos a falar de que temos un problema enerxético claro, que hai unha instrución da Unión Europea, dos grupos parlamentarios europeos, dos grupos parlamentarios españois, dos grupos parlamentarios galegos, da sociedade en xeral, de que a enerxía ten que saír dalgún lado. Queremos pechar as centrais térmicas, queremos pechar, non queremos centrais hidráulicas, non queremos centrais de gas porque emiten e ademais subministra o gas Putin ou os alxerianos, e non queremos ningún outro tipo de enerxía, tampouco a eólica, porque se instala nos montes galegos e impacta visualmente.

Claro, unha solución hai que ter, como representantes públicos temos que responder ante isto, tampouco vale a postura que di García Seoane de: non, é que os veciños teñen sempre razón; coidado con iso, porque non sempre teñen razón. Ás veces si e ás veces non, porque, se se trata de darlles a razón aos veciños sempre cada vez que traian algunha proposta á Deputación, entramos nun terreo moi perigoso, moi perigoso. Polo tanto, podemos vernos con que se pida unha liña, un reforzo de tensión para Oleiros, por dicir Oleiros porque dixo iso o Sr. García Seoane, pero podería ser para Santiago, un reforzo de enerxía para Santiago porque non chega para o polígono do Tambre e por algún lado ten que pasar a enerxía, polas leiras vai pasar. Pode ocorrer que non se poida poñer porque unha serie de veciños crean unha plataforma en contra desa esa liña e por tanto non se pode reforzar a enerxía a Santiago, ou a Ferrol, á Coruña a Culleredo ou a Fene. Iso ocorre no día a día. Por tanto, unha administración seria ten que liderar, non vale con dicir o que digan os técnicos, iso suponse, Sr. Ben. Eu recordo posicionamentos vosos, teus

concretos aquí onde ante algún parque eólico era, moción contra o parque eólico e a vosa postura era non porque hai que respectar a postura dos técnicos. Neste caso é a abstención, respéctoa absolutamente, pero hai que ter unha postura seria ao respecto. Como dicía ben o Sr. Fernández antes, hai promocións eólicas fantásticas, respectuosas co medio; o posicionamento dos técnicos?, suponse que vai ser un posicionamento profesional, obxectivo absolutamente, por tanto nin entraría aí. Pero desde o punto de vista do Goberno, de forzas políticas que temos que ter unha postura sobre algo que a sociedade nos está reclamando solucións, que se chama enerxía, e non podemos estar na postura cómoda de non me gusta isto, non me gusta aquilo, non me gusta nada. Non, nós o que estamos a dicir é si queremos parques eólicos serios comprometidos co país, con promotoras serias, solventes, que poñan enriba da mesa solucións que supoñan garantía de subministración en Galicia, que supoñan menores prezos en Galicia, que supoñan unha alternativa a esa enerxía do futuro que se chama hidróxeno.

Pero hai un prexuízo permanente nalgunhas forzas políticas que desde o minuto un, se se fala de enerxía é sempre o non polo non. Por tanto, neste senso creo que o Sr. Fernández o que está a dicir é, con todos os respectos, Sr. Lema, como ben dicía el e as túas posturas sempre razoables, neste caso, antes de falar dun tema xa sei cal vai ser a túa opinión, sempre vai ser a mesma, sempre vai ser mesma, e polo tanto iso non se chama previsibilidade, ás veces chámase cerrazón, pero é que neste caso a sociedade vai valorar aquelas forzas políticas, e máis que a sociedade a historia, vai xulgar a postura das forzas políticas de dicirlle á xente o que quere oír, e iso ten os pés moi curtos, moi curtos na historia. Polo tanto, non os metamos a todos no mesmo saco, hai parques eólicos imprescindibles; senón, digámosllo aos traballadores de Alcoa, se van ter catro parques eólicos para garantir a súa subministración e, se non imos estar de acordo vaiamos alí e digámosllo, nin nos escondamos detrás dos técnicos nin nos escondamos detrás dunha plataforma veciñal, vaiamos alí dicirlles aos traballadores que un día estivemos con eles detrás dunha pancarta pero ao día seguinte levamos unha moción á Deputación para que se paralicen os seus parques eólicos.

Polo tanto, insisto: si á enerxía eólica, si a apostar por unha enerxía limpa autónoma de Galicia, que nos fai autosuficientes enerxeticamente; non de calquera maneira, evidentemente e non a todos os parques eólicos. Boto de menos ese liderado absoluto por parte da Xunta de Galicia, onde ten que ter presenza pública, non só no liderado da tramitación, senón tamén na participación pública naqueles parques polo menos os que se consideren estratéxicos.

Imos proceder á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 2 deputados (1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 11 deputados/as (PSOE)

Abstéñense: 17 deputados/as (12 do PP, 4 do BNG e 1 do PP, en virtude do art. 74.1)

Sr. Presidente

A seguinte moción, que presenta o Grupo Provincial Popular, en relación co atraso na execución da A-54.

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, en relación ao retraso na execución da A-54.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas viarias dependentes do Goberno de España en Galicia están a sufrir importantes retrasos, xa sexa pola lentitude coa que se están a executar as obras ou porque directamente están paralizadas.

Sexa cal sexa a razón, a realidade é que vai pasando o tempo e actuacións viarias esenciais para Galicia non avanzan. Nin tampouco hai previsión de que o fagan de xeito significativo a tenor da concepción da mobilidade que promulga o Goberno de Pedro Sánchez, que supedita o investimento en infraestruturas e servizos de comunicación unicamente á súa rendibilidade económica.

É obvio que o orzamento do Estado é insuficiente para atender as necesidades de Galicia nesta materia e as contas para o presente exercicio, unha vez máis así o acreditan, con partidas mínimas e sen previsións para as seguintes anualidades, o que aínda é peor.

Son moitos os exemplos que acreditan esta situación, pero un especialmente significativo é o da autovía A-54, básica para conectar o centro e o interior de Galicia e para que a cidade de Lugo teña conexión directa por autoestrada con Santiago de Compostela.

A construción desta autovía iniciouse hai máis de dúas décadas e, a día de hoxe, dos poucos máis dos 100 quilómetros de lonxitude, aínda están en execución algo máis de 28. Trátase dos tramos intermedios de Palas de Rei a Melide e de Melide a Arzúa que, en función das previsións orzamentarias e sendo optimistas, demorarán a entrada en servizo da A-54 na súa totalidade ata, cando menos, o ano 2025.

Ao tenor do exposto, é lóxico afirmar que o ritmo ao que se está a executar esta infraestruturera viaria é inaceptable, polo que o Grupo Provincial Popular propón ao pleno da Deputación de A Coruña que adopte o seguinte acordo:

"Demandar ao Goberno de España axilidade e un impulso decidido, que se poña de manifesto nos avances administrativos necesarios e na dotación das partidas orzamentarias precisas, para rematar no menor tempo posible as obras dos dous tramos pendentes da A-54"

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Voy a intentar ser muy breve y voy a hacer una propuesta que, si los demás grupos aceptan, lo que nos interesa en esta moción, efectivamente, como en todas las mociones es el acuerdo que se trae. Evidentemente, nosotros estamos de acuerdo con la exposición de motivos, pero si alguien se puede sentir mal y procurando la unanimidad de todos en lo que entendemos que es una obra fundamental para acabar de vertebrar el interior de Galicia, y en concreto afecta a las comarcas de Melide y Arzúa y a la conexión de Santiago con Lugo, nosotros estaríamos dispuestos a aprobar solo el acuerdo, quitando la exposición de motivos. Y el acuerdo es el siguiente:

"Demandar ao Goberno de España axilidade e un impulso decidido que se poña de manifesto nos avances administrativos necesarios e na dotación das partidas orzamentarias precisas para rematar no menor tempo posible as obras dos dous tramos pendentes da A 54."

Yo creo que vamos a estar todos de acuerdo con esto y, si estamos todos de acuerdo y se vota, por mí perfecto.

Gracias.

(Abandona o salón a Sra. Lamas Villar)

(Abandona o salón a Sra. Capelán Cancelo).

Sr. Fernández Piñeiro

Si, nós estamos de acordo coa proposta que realiza o voceiro do Grupo Popular e, loxicamente, votaremos a favor da moción eliminando esa exposición de motivos.

Sra. Muíño Filgueira

Nada, realmente o que é a intervención ía no mesmo sentido, unha intervención tamén igual de breve para dicir que, evidentemente, expresamos o noso voto favorable, ademais, tendo en conta a necesidade da infraestrutura e do impacto que está tendo o seu atraso, claro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 2 deputadas (PSOE - en virtude do art. 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, en relación ao retraso na execución da A-54.

O Grupo Provincial Popular propón ao pleno da Deputación de A Coruña que adopte o seguinte acordo:

Demandar ao Goberno de España axilidade e un impulso decidido, que se poña de manifesto nos avances administrativos necesarios e na dotación das partidas orzamentarias precisas, para rematar no menor tempo posible as obras dos dous tramos pendentes da A-54"

Sr. Presidente

Hai unha moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a modificación do convenio con Vento Noso.

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a modificación do convenio con Vento Noso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instancias do Grupo Provincial da Marea Atlántica acordouse na sesión plenaria de abril de 2021 unha moción na que se acordaba prestar asistencia xurídica aos concellos entidades sociais e concellos que así o requirisen. A proposta xustificábase pola asimetría de forzas e de medios entre as grandes empresas enerxéticas que promoven parques eólicos no rural galego e as comunidades afectadas polos mesmos, unha asimetría agravada, ademais, por unha lexislación autonómica feita a medida das primeiras, como a Lei de Fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia, pola que se acurtaron os prazos de exposición pública, participación cidadá e garantías de protección ambiental. Nesa desigual batalla, na que a administración autonómica toma parte polo máis forte lexislando ao seu favor en contra da xente do común afectada e mesmo dos concellos, aos que se lles furtaba a súa capacidade para ordenar o seu territorio, a Deputación da Coruña comprometéase a actuar defendendo os intereses da maioría social e asistíndoa xuridicamente na defensa dos seus dereitos fronte á depredación das grandes empresas enerxética.

Por desgraza, a Deputación da Coruña está moi lonxe de cumprir cos seus compromisos na defensa dos intereses da maioría social fronte á vaga privatizadora do lobbie enerxético, tanto nos seus informes sectoriais respecto da afectación dos novos parques a vías provinciais e o patrimonio histórico e natural da nosa provincia como tamén na asistencia ofrecida a particulares a través do convenio suscrito coa asociación Vento noso. No primeiro caso, déixase en mans da cidadanía afectada todo o traballo de localización e catalogación do patrimonio cultural e natural; no segundo, e en contra do espírito da moción aprobada, o persoal técnico de Vento Noso, lonxe de axudarlle aos afectados e afectadas a enfrontar a batalla xurídica fronte ás enerxéticas, o que fai é exercer como intermediario das mesma, animándoos a alugarlles as súas terras á maior brevidade posible, un alugueiro que a propia

asociación describe na súa páxinas web como irrisorio, ao non supor máis do 1,81% da facturación anual do negocio en Galicia.

É necesario, pois, darlle a volta completamente ás políticas que vén seguindo a Deputación da Coruña neste eido, priorizando a defensa da cidadanía fronte á acción combinada do oligopolio enerxético e a Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Modificar o obxecto do convenio coa asociación Vento Noso para que se dedique unicamente a prestar servizos xurídicos aos afectados nos seus recursos contra os proxectos de novos parques eólicos.
2. Poñer en marcha, á maior brevidade posible, un programa para a localización e catalogación do patrimonio cultural e natural da nosa provincia, desde mámoas e petróglifos, a brañas e fontes.

Sr. Lema Suárez

Boas de novo. Todos falamos ás veces un pouco excesivamente para a historia, pero ás veces merece a pena ler, ao fío do debate anterior, cuestións da historia. Cando inauguraron –permítaseme aquí unha pequena paréntese– en 1965 o embalse de Belesar en Chantada, na inauguración estaba por suposto o caudillo e tamén estaba López Rodó, que era o superministro naquel momento. Entón López Rodó fai un discurso que case, case, podería ser reproducido aquí hoxe, un discurso impecable: Isto que se acaba de instalar aquí en Galicia vai repercutir na industrialización de Galicia en máis riqueza para o país, en que se poidan instalar novas industrias... Evidentemente nada disto sucedeu. Aquí instaláronse esas presas, eses embalses, non houbo menores prezos do custo da enerxía para Galicia e, por suposto, hoxe, como todos sabemos, a antiga Fenosa está en mans italianas, por certo dunha empresa pública italiana. Tamén se comentaron outros casos aquí, non podemos depender de Alxeria, non podemos depender de Rusia, tanto os alxerianos como os rusos teñen a súa enerxía en mans de empresas públicas. Coidado en quitar ás veces esa cuestión, eu creo que ao mellor estamos equivocando o debate, todo o mundo evidentemente está a favor da enerxía, por suposto, e dos teléfonos móbiles; a cuestión é quen se vai enriquecer diso. Pero, ben, creo que xa me estou excedendo co pequeno rodeo de contexto.

Ben, nós promovemos en abril de 2021 que a Corporación da Coruña lles botase unha man a todas estas asociacións que ao longo e ancho do país están intentando, como esta que falabamos antes, Vento Libre, pois defender os seus intereses lexítimos fronte ao que entendemos que é unha lexislación que non está feita desde logo á súa medida, senón á medida das grandes enerxéticas, botarlles unha man. E aí a Deputación da Coruña tratou, entendo, desde a boa intención, non o poño en dúbida nunca, de levar a cabo este mandato a través dun convenio coa Asociación Vento Noso que, basicamente, polas referencias que fomos tendo, máis ben tivo un labor de intermediación entre as empresas enerxéticas e os particulares, basicamente ao mellor axudándolles a procurar un mellor prezo da venda do seu

patrimonio, nese caso do seu monte.

(Abandona o salón a Sra. Gallego Díaz).

Nós pensamos que desde logo isto perturba ou deturpa, mellor dito, o sentido da moción, que ía polo lado da defensa fronte ao que entendemos o que é un desequilibrado ou asimétrico combate entre estas asociacións en defensa do territorio e dos seus intereses e as enerxéticas. Por iso propoñiamos no primeiro punto da nosa moción modificar o obxecto do convenio coa Asociación Vento Noso. Sucede, e así se nos fixo chegar, que é evidente que *a posteriori* non se pode propoñer a modificación de ningún punto, co cal enténdaseme que de palabra, *in voce*, pretendo suprimir este primeiro punto da moción, vale?, porque é formalmente imposible, é de cumprimento imposible modificar *a posteriori* o obxecto dun convenio.

(Entra no salón a Sra. Capelán Cancelo).

Si mantemos non obstante o segundo punto, que é que poña en marcha a Deputación un programa para a localización e catalogación do patrimonio cultural natural da nosa provincia, desde mámoas, petróglifos a brañas e fontes, poderían ser outras. Falamos de patrimonio, que aquí se citan hídrico e tamén patrimonio cultural, pero entendemos que o que sucede é que agora mesmo o custo que ten, por exemplo, localizar e catalogar unha mámoa ou un petróglifo é alto; esta asociación da que antes falaba, Vento Libre, falábanos dun custo de 3.000 euros que teñen que pagar eles, e aquí hai un labor de custodia e defensa do territorio que non está facendo ninguén. É evidente que hai unha deixación de funcións.

O país non está mapeado, non están situados os seus recursos, tanto naturais como doutro tipo, culturais, nun país ademais moi poboado desde hai milenios, que temos un país afortunadamente inzado de restos dos que aquí estiveron antes ca nós. Entón, pensamos que non se pode deixar en mans dos particulares, que ademais actúan, creo que de xeito alarmado, case sobre a marcha, para intentar localizar e catalogar o seu patrimonio, senón que teñen que ser as administracións as que o fagan nun, penso, evidente labor de custodia do territorio onde vemos que existe un absoluto desleixo, un desleixo que facilita que despois sexan explotados os recursos e gañados por terceiros.

Entón propoño iso, propoño suprimir o primeiro punto, porque é extemporáneo, porque *a posteriori* non se pode facer esa modificación do convenio, e poñer en marcha un servizo, un programa, para localizar e catalogar o noso patrimonio natural e cultural. Nada máis e grazas.

Sr. Ben Otero

Señor Lema, vostede, claro retirando o primeiro punto desta moción, o segundo punto realmente non é que teña, que agarde unha, si sería complementario tal como estaba formulado, pero non ten xa moito que ver igual coa primeira exposición de motivos, non é só unha cuestión relacionada cos eólicos e demais, senón que sería unha liña, ou sexa todo o previo quedaría anulado e aprobaríamos o segundo punto só, basicamente, non?

(Entra no salón a Sra. Lamas Villar).

Sr. Lema Suárez

É que se me advertiu que é imposible cumprir a modificación dun convenio e así é que xa tivo lugar, co cal eu creo que, para que non decaia por un motivo de forma, propoño, ou se emenda ou propoño simplemente a supresión.

Sr. Ben Otero

Nós co segundo punto, en principio, non deberiamos ter ningún problema: “Poñer en marcha coa maior brevidade posible un programa de localización e catalogación do patrimonio cultural e natural da nosa provincia, desde mámoas, petróglifos a brañas e fontes”. Eu penso que isto igual tiña que ser unha liña de axudas aos concellos e que sexan os propios concellos os que teñen, digamos, máis presenza no territorio, que moitos xa o están a facer, porque doutro xeito non sei como desde aquí se podería facer isto, sería complicado.

En todo caso, respecto do primeiro punto e o que se viña falar aquí, nós dixemos no seu momento que non eramos partidarios de que unha asociación recibira cartos da Deputación para facer labores de asesoramento respecto ao tema dos eólicos e demais. Nós naquel momento dixemos que fora a propia institución a través dos seus técnicos e Asesoría Xurídica ou axudando aos concellos para que dean este servizo que tamén o está dar a Xunta e abstivémonos, nós tiñamos pensado absternos tamén hoxe. Á vista desta cuestión, nós co segundo punto, penso que xa hai traballo neste sentido que están a levar desde a casa, pero non teriamos maior problema, pero queremos escoitar tamén o Goberno que di disto.

Sr. Requeira Varela

Moi bo día, eu non vou entrar no fondo da moción, vou entrar só na parte de patrimonio. Estase preparando unha liña de axudas, pero si é certo que agora mesmo o gran problema que temos nos concellos é manter o patrimonio que xa está catalogado, localizado e que está en mal estado porque non hai recursos suficientes para amañalo todo. O señor Lema sabe que incluso no propio Val do Dubra estamos dende a Deputación traballando, agora estamos falando incluso coa Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta para facer unha proposta conxunta, estamos traballando alí cunha asociación veciñal para investigar un castelo do século VI. O que si que é unha competencia absolutamente municipal, a min o que me parece é que moitas veces están chegando ás nosas mesas, aos nosos despachos e aos servizos da Deputación propostas que ben intencionadamente nos avisan ou nos alertan do descubrimento dalgún patrimonio, que logo os técnicos da casa van alí resulta que o patrimonio non é tal. Polo tanto, é un traballo inxente que moitas veces é infrutuoso tamén.

En todo caso, axudar esta administración sempre axuda, no referente á catalogación do patrimonio e á posta en valor do patrimonio na medida dos recursos que ten pero, xa digo, agora mesmo temos destinados moitísimos recursos no patrimonio que xa coñecemos e que temos que protexer e que temos que mellorar. E

non deixa de ser un parche, porque os recursos sempre son insuficientes porque hai moitísimo patrimonio, como dicía o señor Lema, e moitísimas veces os recursos prioritarios están destinados a outras cuestións. Que o que siga aparecendo se siga incorporando aos patrimonios municipais?, eu creo que é un labor que teñen que facer os propios concellos a través dos planeamentos e dos plans sectoriais e das normas subsidiarias cando non hai un plan urbanístico. En todo caso, esta administración o que poida axudar, e cónstame que axuda, sobre todo aos concellos de menos de 5.000 habitantes, é o que podó dicir; logo no tema do resto da moción xa deixo que a portavoz diga o que toque.

Pero insistir en que aquí se está facendo un traballo por parte dos servizos da casa bastante grande sobre todo –xa digo– cos concellos que teñen menos recursos, para investigar e catalogar o patrimonio que teñen no propio termo municipal.

Sr. García Seoane

Imos ver, eu no Concello de Oleiros temos un plan xeral, fixemos tres plans xerais e neles recóllese todo o que se está a falar. Realmente son os concellos os que teñen, os que deben saber ou deberan saber onde está aquilo todo que se ten que protexer. Nós fixémolo e por tanto eu creo que é algo que noutros concellos tamén o levaron adiante. E naqueloutros que non o fixeron eu creo que dicirlle a unha empresa agora que desde a Deputación –eu entendo que sería a proposta que fai o Sr. Lema– que se poña a buscar, eu creo que non ten sentido, non lle vexo sentido nese aspecto e son os concellos, insisto, os que teñen que velar por protexer o seu patrimonio. Ás veces non o fan, todo é certo, pero tamén hai outras administracións, que neste caso é a Xunta que tamén ten un catálogo de patrimonio, polo menos daqueles temas máis interesantes do que é a provincia ou do que é Galicia e son os que hai que mellorar, se é que hai algunha ausencia. Pero eu non vexo que haxa que contratar agora, porque máis ou menos sería iso, un traballo porque sería tirar os cartos desde o meu punto de vista.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo, nós xa trasladamos antes, xa comentaba agora hai un anaco o voceiro da Marea a imposibilidade dese punto número 1, tendo en conta que ese convenio xa estaba certificado e que xa finalizara en 2021 e por tanto non é de aplicación a ese acordo. E sobre o segundo punto e na liña do que comentaba o señor Seoane ou o vicepresidente Regueira, entendemos que esa función non debe ser da Deputación Provincial da Coruña e que é moito máis doado ademais se cada concello realiza ese traballo que non que a Deputación saque un macrocontrato para facer, para realizar ese estudo.

Ademais, tamén na exposición de motivos hai algunhas cuestións que nós non compartimos e que se din claramente, e que á parte son acusacións nalgúns dos casos bastante graves, como dicir que “o persoal técnico de Vento Noso, lonxe de axudarlles aos afectados e afectadas a afrontar a batalla xurídica fronte ás enerxéticas, o que fai é exercer como intermediario destas, animándoos a alugarlles as súas terras á maior brevidade posible”. Penso que, para poder dicir iso, teríamos que ter contactado con todas as persoas que foron asesoradas e dubido moito que

ese fose o seu sentir; non sei se alguén puido trasladar iso, sería un caso concreto e habería que ver tamén en que termos se realizou ese asesoramento. Porque ás veces damos por feito que todo o que se di por parte dos de fóra sexan veciños, sacrosanto, e non, veciños hainos de todo tipo, como as persoas, son persoas exactamente igual que o resto, e ás veces poden estar acertados e outras veces non.

(Abandona o salón o Sr. Alfonsín Somozas)

Ademais, que a proposta inicial, aínda que se retire por esa cuestión formal de que non se pode emendar un convenio que está finalizado, tampouco compartimos o feito de que se prestara só asesoramento aquelas persoas que estean en contra dos parques; e iso reafirma un pouco a postura que veño de criticar na moción anterior: é dicir, a xente que non ten por que estar a favor do parque, pero que finalmente se vaia implantar ese parque na súa propiedade, pois tamén necesitará ese asesoramento á hora de asinar ese contrato para que esa empresa, leonina e con todos os apelativos que se puxeron antes, enerxética non abuse do descoñecemento que esa persoa poida ter dende o punto de vista xurídico e contractual e saque a mellor rendibilidade posible á súa propiedade, xa sexa como venda ou como arrendamento. Polo tanto, non compartimos tampouco esa proposta, como digo, de que só se asesore aqueles que están en contra dos parques. O asesoramento, tal e como viña manifestado na moción que se aprobou no seu día e que deu a luz este servizo do que estamos a falar era para todas as persoas que se ven afectadas pola implantación dun parque eólico, estean en contra, estean a favor ou non estean nin en contra nin a favor, porque moitas veces son feitos consumados e non queda máis remedio, se se van instalar na túa propiedade porque contan con todos os informes favorables e porque as túas alegacións foron rexeitadas, pois que teñas asesoramento para que dentro do que cabe poidas sacar a maior rendibilidade posible e non se aproveiten –como digo– do descoñecemento que os seus propietarios e propietarias poidan ter. Polo tanto, nós non podemos votar a favor desta moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Por tender un tema, que no quero extender. No sé, Alberto, yo tengo la sensación de que esta moción, como al retirar el punto primero queda un poco, repito, desvirtuada, no tiene mucho sentido el punto segundo que ya casi no entronca con la primera parte, igual para evitar cuestiones nosotros en todo caso, si se va a votar, nos vamos a abstener exactamente igual. A lo mejor no sé, deberías plantear en el siguiente pleno una moción en esta línea de ayudas para este tema, pero es que esta moción en este sentido, yo tengo la sensación de que no tiene demasiado sentido. Te lo digo para que tú lo valores nada más.

Sr. Lema Suárez

Eu creo que agora é un pouco tarde para andar reformulándoa, sobre a marcha case, xa se presentará máis adiante outra noutra liña, vale?.

VOTACIÓN

Votan a favor: 1 deputado (Marea Atlántica)

Votan en contra: 15 deputados/as (11 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: 13 deputados/as (10 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños, e 2 do PP - en virtude do art. 74.1)

Sr. Presidente

Seguinte moción que presenta o Grupo Provincial Popular para a adopción de medidas de seguridade viaria na DP-810.

5.Moción que presenta O Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para a adopción de medidas de seguridade vial na DP-0810.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral de Nacións Unidas proclamou o pasado 18 de agosto de 2020 o período 2021-2030 como Segundo Decenio de Acción pola Seguridade viaria xa que en 2020 non se alcanzou a meta 3.6 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 de redución á metade do número de vítimas mortais e feridos graves en accidentes de tráfico. Trátase dunha oportunidade a nivel mundial para que a seguridade viaria sexa considerada un aspecto para ter en conta nas políticas públicas de todos os países.

Os patróns de mobilidade atópanse nun proceso de cambio profundo. Cada vez máis persoas optan por usar a bicicleta e camiñar, xa sexa por consideracións ambientais ou por motivos de saúde e benestar persoais, o cal significa que hai máis usuarios vulnerables e desprotexidos nas estradas. Unhas políticas de mobilidade activa máis firmes, poden supoñer un punto de inflexión á hora de reducir as emisións de CO2, mellorar a calidade do aire e reducir a conxestión do tráfico. Pero as medidas que estimulan estas opcións de mobilidade tamén deben ter en conta de forma sistemática consideracións relativas á seguridade.

Calcúlase que as infraestruturas viarias e os arredores das estradas son un factor que contribúe a máis do 30 % dos accidentes de tráfico. Unhas estradas ben deseñadas e adecuadamente mantidas poden reducir a probabilidade de accidentes de tráfico. A identificación dos riscos e a cualificación da seguridade de forma sistemática, é dicir, avaliacións proactivas ademais de análises reactivas máis tradicionais de lugares con alta concentración de accidentes, son ferramentas útiles para avaliar a calidade da seguridade da rede viaria.

Ademais, as normas revisadas preparan o terreo para lograr uns niveis máis elevados de automatización nos vehículos, ao iniciar os traballos relativos ás especificacións para a eficacia da sinalización e as marcas viarias, incluída a súa localización, visibilidade e retrorreflectividade.

O peatón é o principal protagonista da mobilidade e debería de ser o centro de

atención fundamental respecto da seguridade vial e da comodidade.

Temos constancia que na DP-0810, estrada provincial que rexistra altos niveis de tráfico rodado, ao seu paso por Piadela e por Vila de Suso, a meirande parte dos conductores non respectan os límites de velocidade establecidos, poñendo en situación de risco extremo á veciñanza que utiliza o sistema de transporte público, principalmente nenas e nenos e persoas maiores, que se ven na obriga de cruzar a estrada para acceder ás paradas de autobús.

Curvas con pouca visibilidade, inexistencia de pasos de peóns, así como manifestos excesos de velocidade están a poñer en perigo a seguridade da veciñanza.

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar á Deputación Provincial da Coruña a proceder a sinalizar pasos de peóns nas inmediacións das paradas de autobús nos núcleos de Piadela e Vila de Suso.
2. Instar á Deputación Provincial da Coruña a establecer un sistema de control de velocidade que garanta a seguridade dos peóns.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Realmente esta moción ben puidera verse como un rogo. Traémola como unha moción por unha cuestión: estamos convencidos de que vai ser aprobada e dalgún xeito a aprobación da moción leva consigo un compromiso da súa execución.

Achegounos o voceiro do Partido Socialista unha emenda, que a imos aceptar, porque realmente coa emenda non se cambia o espírito da moción, simplemente digamos que se matizan as cuestións que se poidan ou non se poidan facer tecnicamente, pero segue o compromiso de facer estes temas. Nós o que pretendemos con esta moción é simplemente que esta cuestión non sexa aprobada hoxe e deixemos pasar un tempo, como ten pasado con outras mocións que iremos recordando nos vindeiros meses, senón que isto, que non é unha cuestión dun gran investimento, que é unha cuestión de pararse no tema, buscar unha solución técnica e executala, con moi poucos cartos para solucionar isto, que se arranxe no mellor momento e eu, se lles parece, vou ler os puntos do acordo, xa coa emenda que nos presentaron o Partido Socialista.

No punto 1, onde di “instar a Deputación Provincial da Coruña a sinalar os pasos de peóns nas inmediacións das paradas de autobús nos núcleos de Piadela e Vila de Suso”, debe dicir “instar a Deputación da Coruña a acelerar a sinalización dos pasos de peóns nas paradas de autobús situadas no PQ 0-920 e PQ 2-650 en Piadela e Vila de Suso”. E no punto segundo onde di “instar a Deputación Provincial da Coruña a establecer un sistema de control de velocidade que garanta a seguridade de peóns” debe dicir “instar a Deputación Provincial da Coruña a revisar e reforzar a sinalización e elementos destinados á redución da velocidade dos vehículos

cumprindo coa normativa vixente para garantir a seguridade viaria e solicitar ao organismo encargado o reforzo da súa vixilancia”.

Nós estamos de acordo con isto porque realmente do que se trata é de que as persoas e os rapaces poidan cruzar con certa seguridade nestas dúas zonas de Piadela e Vila de Suso e tamén que dalgún xeito haxa algún elemento disuasorio nos termos que se poidan facer e que nos permita a normativa vixente para que se reduza a velocidade e neste sentido traballar para que non haxa ningún problema neste tema que logo nos poidamos lamentar.

Polo tanto, aceptamos a emenda e agradecemos a proposta do Partido Socialista. Grazas.

Sr. Presidente

Grazas.

Procedemos á votación coa emenda incluída.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (10 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

Moción que presenta O Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para a adopción de medidas de seguridade vial na DP-0810.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral de Nacións Unidas proclamou o pasado 18 de agosto de 2020 o período 2021-2030 como Segundo Decenio de Acción pola Seguridade viaria xa que en 2020 non se alcanzou a meta 3.6 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 de redución á metade do número de vítimas mortais e feridos graves en accidentes de tráfico. Trátase dunha oportunidade a nivel mundial para que a seguridade viaria sexa considerada un aspecto para ter en conta nas políticas públicas de todos os países.

Os patróns de mobilidade atópanse nun proceso de cambio profundo. Cada vez máis persoas optan por usar a bicicleta e camiñar, xa sexa por consideracións ambientais ou por motivos de saúde e benestar persoais, o cal significa que hai máis usuarios vulnerables e desprotexidos nas estradas. Unhas políticas de mobilidade activa máis firmes, poden supoñer un punto de inflexión á hora de reducir as emisións de CO₂, mellorar a calidade do aire e reducir a conxestión do tráfico. Pero as medidas que estimulan estas opcións de mobilidade tamén deben ter en conta de forma sistemática consideracións relativas á seguridade.

Calcúlase que as infraestruturas viarias e os arredores das estradas son un factor que contribúe a máis do 30 % dos accidentes de tráfico. Unhas estradas ben deseñadas e adecuadamente mantidas poden reducir a probabilidade de accidentes de tráfico. A identificación dos riscos e a cualificación da seguridade de forma sistemática, é dicir, avaliacións proactivas ademais de análises reactivas máis tradicionais de lugares con alta concentración de accidentes, son ferramentas útiles para avaliar a calidade da seguridade da rede viaria.

Ademais, as normas revisadas preparan o terreo para lograr uns niveis máis elevados de automatización nos vehículos, ao iniciar os traballos relativos ás especificacións para a eficacia da sinalización e as marcas viarias, incluída a súa localización, visibilidade e retrorreflectividade.

O peatón é o principal protagonista da mobilidade e debería de ser o centro de atención fundamental respecto da seguridade vial e da comodidade.

Temos constancia que na DP-0810, estrada provincial que rexistra altos niveis de tráfico rodado, ao seu paso por Piadela e por Vila de Suso, a meirande parte dos condutores non respectan os límites de velocidade establecidos, poñendo en situación de risco extremo á veciñanza que utiliza o sistema de transporte público, principalmente nenas e nenos e persoas maiores, que se ven na obriga de cruzar a estrada para acceder ás paradas de autobús.

Curvas con pouca visibilidade, inexistencia de pasos de peóns, así como manifestos excesos de velocidade están a poñer en perigo a seguridade da veciñanza.

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar á Deputación da Coruña a acelerar a sinalización dos pasos de peóns nas paradas do autobús situadas nos PQ 0+920 (Piadela) e PQ 2-650 (Vila de Suso).
2. Instar a Deputación Provincial da Coruña revisar e reforzar a sinalización e elementos destinados á redución de velocidade dos vehículos cumprindo coa normativa vixente para garantir a seguridade vial e solicitar ao organismo encargado o reforzo da súa vixilancia."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:13 horas.